



# O Ditame do Consello da Cultura


O máximo órgano consultivo do país en materia de cultura acaba de facer público un ditame que rexeita os alicerces das bases para a elaboración do novo decreto sobre o uso do galego no ensino presentadas polo Goberno. O Consello da Cultura Galega sumouse, con este informe, a todas as asociacións, institucións, partidos e sindicatos que manifestaron a súa oposición ao borrador do decreto por considerar que a súa aplicación suporía un retroceso histórico no proceso de normalización da lingua galega. A Consellaría de Educación, impulsora das bases, preferiu mirar para outro lado ante o que supón unha mostra máis de que o actual Executivo queda só na súa defensa deste texto, que só apoian

# *O ditame do Consello*

tres colectivos do ensino privado e concertado. O departamento de Jesús Vázquez respondeu que non “podía apoiar un modelo de inmersión” do que o Consello da Cultura só indica que é legal e efectivo para garantir a competencia dos alumnos nos dous idiomas nunha situación de bilingüismo social asimétrico como a galega. O ditame do Consello analiza con detalle cuestións de tipo sociolingüístico e pedagóxico, sen entrar en detalle no ámbito xurídico, no que si incidiu por exemplo o informe da Real Academia Galega. Revista das Letras publica en papel, como xa o fixo co texto da Academia, o ditame do CCG para facilitar a súa lectura.



CONSELLO DA CULTURA



# Ditame do Consello da Cultura Galega sobre as “*Bases para a elaboración do Decreto do Plurilingüismo no Ensino non universitario de Galicia*”

## 1. CONSIDERACIÓNS PREVIAS

Segundo a Lei do Parlamento de Galicia que o creou, que pola súa vez desenvolve un mandato do Estatuto de autonomía de Galicia (art. 32º), o Consello da Cultura Galega é unha institución oficial da nosa comunidade autónoma que ten como finalidade principal a defensa e promoción dos valores culturais galegos (Lei 8/1983, do 8 de xullo, art. 1º). Entre as competencias que lle atribúe a dita lei cóntanse a de “fomentar a lingua e a cultura galegas” (art. 6º, a) e a de “elevar aos poderes da Comunidade Autónoma informes e propostas a favor da defensa e promoción” dos devanditos valores culturais (art. 6º, e). O presente ditame foi elaborado e aprobado coa mira posta nesta finalidade, tendo en conta que o idioma galego constitúe un dos valores culturais máis relevantes e máis precisados de apoio así da sociedade coma das institucións públicas de Galicia.

Ao fío do proceso de consulta institucional aberto polo Goberno da Xunta de Galicia arredor das “Bases para a elaboración do decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia” (de aquí en diante, “Bases”) e do debate público conseguinte, téñense pronunciado, desde distintas perspectivas, ademais dunha gran diversidade de actores e colectivos sociais, varias das institucións máis relevantes da cultura galega, algunhas delas representadas no propio Pleno do Consello da Cultura Galega, como son a Real Academia Galega e as universidades.

En congruencia coa condición, as competencias e a traxectoria do Consello da Cultura Galega, o presente ditame terá carácter analítico e propositivo, e por tanto **atenderá fundamentalmente aos aspectos sociolingüísticos e educativos**, remitindo ao marco xurídico e legal vixente só como marco de referencia ineludible. As previsións das “Bases” son tamén susceptibles dunha avaliación de natureza xurídica, pero este enfoque será deixado á beira, remitíndose neste punto ao preceptivo ditame que no seu día deberá ser emitido polo Consello Consultivo de Galicia en relación coa eventual norma a que darán lugar as ditas “Bases”.

Nese sentido, e só como apuntamento previo, na liña das consideracións do dito Consello Consultivo de

Galicia (véxase consideración 4ª do ditame aprobado o 12 de xuño de 2007), debe quedar constancia de que un decreto non parece o marco normativo adecuado para regular esta materia (por falta dunha cobertura legal completa), senón que se requiriría a aprobación dunha norma de rango xurídico superior. De aí a recomendación do Consello da Cultura Galega, formulada o pasado mes de novembro de 2009 (*Proposta institucional ao Parlamento de Galicia*) en relación a que fose o Parlamento o que tratase o asunto que outra vez nos ocupa.

Naquela proposta, aprobada en sesión plenaria do Consello da Cultura Galega, faciamos algunhas consideracións que cómpre lembrar, pois constitúen un pórtico acaído para o presente ditame, o que escusará a reiteración dos puntos que alí se trataron. A primeira daquelas consideracións rezaba:

Ao entender do Consello da Cultura Galega, as liñas xerais da política lingüística en Galicia deben apoiarse nunhas bases firmes, que non son outras que un amplo consenso social e político – coma o que serviu de base para a aprobación no seu día da Lei de normalización lingüística e o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega–, e o respecto ao conxunto da nosa lexislación lingüística básica, en particular a [devandita] Lei.

A segunda atinxía máis en concreto ao sistema educativo e poñía de relevo o especial valor dun acordo do Parlamento de Galicia que tamén constitúe un punto de apoio fundamental do presente ditame:

Canto ao Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, o seu valor como punto de referencia queda de vulto ao ter en conta que foi aprobado por unanimidade polo Parlamento de Galicia en 2004, gobernando o Partido Popular, e ratificado tamén por unanimidade en outubro de 2008, baixo un goberno de coalición PSdG-PSOE / BNG. Por tanto, foi aprobado en dúas ocasións por unanimidade, baixo gobernos de distinto signo político.

## 2. AS LINGUAS OFICIAIS NO SISTEMA EDUCATIVO: PRINCIPIOS, OBXECTIVOS E MODELOS

As linguas non son só códigos formados por signos abstractos que permiten comunicarse, senón tamén instrumentos básicos no proceso de aprendizaxe e construcións colectivas que reflicten unha historia comunitaria. É dicir, teñen unha dimensión educativa

e social que demanda que a súa utilización escolar se realice desde o maior consenso comunitario e desde o rigor científico. O actual contexto histórico reclama cidadáns e cidadás con competencia en varias linguas pero tamén con capacidade para respectar e valorar a diversidade lingüística, sinaladamente a relacionada con variedades minoritarias ou minorizadas. A responsabilidade da escola é, por tanto, dobre: garantir o dominio instrumental deses códigos e formar individuos que asenten o seu comportamento lingüístico sobre valores cívicos e de respecto á diversidade lingüística.

O obxectivo plurilingüe ao que debe aspirar o sistema educativo ten que modularse en función do papel social que a lexislación lle atribúe a cada código e da vinculación que mantén con eles o alumnado. Non é razoable nin realista ningunha meta educativa plurilingüe, aplicable ao conxunto da poboación escolar, que non acepte niveis de competencia diferentes para as linguas ambientais e para as demais. O rango de oficialidade que lle recoñece a lexislación ao castelán e ao galego, co carácter engadido de 'lingua propia' para este último, compromete aos poderes públicos e á institución escolar na consecución dun dominio funcional pleno nos dous idiomas por parte de todos os cidadáns e cidadás. A desexable competencia do conxunto do alumnado noutras linguas ten que formularse desde parámetros competenciais máis básicos.

Unha cousa é a definición dun proxecto lingüístico comunitario, que compete aos representantes políticos, e outra a do itinerario ou itinerarios para chegar a el, que debe realizarse con criterios científicos. Trasladar responsabilidades substantivas sobre estas cuestións ás familias e aos centros non se xustifica como unha aposta democrática pola participación, senón que representa unha inhibición por parte dos poderes públicos que pode xerar tensións innecesarias nas comunidades educativas e nos centros escolares.

As linguas apréndense a través do contacto con elas, tanto no contorno escolar coma no extraescolar, o que significa que unha lingua socialmente prevalente dispón de recursos engadidos para ser aprendida. Todos os estudos sociolingüísticos avalan que a lingua hexemónica en Galicia é o castelán (aínda que non sexa a maioritaria na poboación), tanto desde o punto de vista da valoración social como desde o da presenza no universo vital dos escolares. En consecuencia, o obxectivo de competencia bilingüe nas dúas linguas non se pode asentar sobre a filosofía do equilibrio lingüístico na escola, como a seguir mostraremos, senón que require un papel de reforzo para o galego.

Antes de entrar na análise das previsións concretas das "Bases" e na exposición das propostas do Consello da Cultura Galega en relación con estas, cómpre realizar unha breve análise dos principios xerais en que se asentan, comezando pola noción de 'equilibrio' entre o galego e o castelán que vertebra a súa parte dispositiva. Se o equilibrio se entende como sinónimo de 'igualdade' global entre as linguas, nada hai que opoñer: tal como é xeralmente entendido (e conforme establece o Tribunal Constitucional, STC 337/1994), o obxectivo das políticas lingüísticas públicas debe ser corrixir a desigualdade entre os idiomas oficiais, e iso pode expresarse como conseguir o equilibrio entre o galego e o castelán. Non obstante, nas "Bases" a noción de equilibrio remite aos medios, non aos fins: así, confúndese a "presenza

*equitativa* das dúas linguas" (que é unha noción cualitativa) co reparto a *partes idénticas* do horario educativo entre elas (que é unha noción cuantitativa).

Pero ademais, **se nos atemos ás previsións literais das "Bases", o uso do galego no horario lectivo pasaría dun mínimo do 50%**, fixado no Decreto 124/2007, e contemplado no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, **a un máximo dun 33%** (máis adiante matizaremos iso). Nun contexto de desigualdade global das dúas linguas, **unha norma que, tal como se presenta, ten como efecto inmediato reducir a presenza no sistema educativo da lingua que se atopa en posición máis feble, o galego, non pode considerarse nin equitativa nin equilibradora**, máis ben ao contrario.

Con relación a isto, cómpre lembrar que tanto na lexislación coma na práctica dos sucesivos gobernos autónomos, as medidas de promoción da lingua galega nos distintos ámbitos aparecen vencelladas **co obxectivo xeral da normalización lingüística**, enunciado na Lei de normalización lingüística aprobada por unanimidade polo Parlamento de Galicia en 1983. **Estas políticas de promoción responden a un mandato legal** expresado de diversas maneiras en normas de distinto rango. Así, por caso, a Constitución española pon o acento nas obrigas dos poderes públicos en relación ao 'respecto e protección' das linguas ou ao 'fomento do ensino' destas (CE, art. 3º, 3 e art. 148º, 17) e, dunha maneira máis proactiva e concretamente referida ao galego, o Estatuto de autonomía de Galicia refírese á obriga de 'promoción' da lingua galega (art. 27º, 20). Xa que logo, os poderes públicos de Galicia están suxeitos a un 'mandato de promoción' da lingua galega, recollido de forma expresa, con distintas modulacións, na nosa normativa legal. O Estatuto de autonomía de Galicia dispón: *Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento (art. 5º, 3; o salientado é noso).*

Por tanto, os obxectivos do sistema educativo en relación coa promoción do galego e o arranxo da nosa convivencia lingüística son basicamente dous: un, específico, refírese á competencia dos estudantes (que, segundo a Lei normalización lingüística, 14º, 1, debe ser equiparable nas dúas linguas ao remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio); o outro, xenérico, á compensación da situación desequilibrada do galego e o castelán no conxunto da sociedade.

A idea de que o **ensino ten un papel central na promoción do galego**, con repercusións que van máis alá do ámbito da educación regrada, informou as políticas públicas das últimas décadas. Esta idea é congruente cos obxectivos máis xerais que as sociedades democráticas asignan ao sistema educativo, como son a creación dun marco común e integrador da cidadanía, que permita superar canto sexa posible as desigualdades de partida das e dos estudantes e das súas familias. Esta idea é incompatible coa concepción do ámbito escolar como unha pura continuación do ámbito familiar, onde precisamente radican as desigualdades (e en moitos casos, tamén os prexuízos) de partida dos e das estudantes.

Aquela noción aparece expresada con toda coherencia no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (en diante, PXNLG), cando sinala como un dos obxectivos específicos do ensino obrigatorio o de "lograr que lle garanta unha boa competencia en lingua galega a todo o alumnado *e que repercuta de forma positiva no seu uso, axudando así a superar o*

*desequilibrio social no que se atopan o galego e o castelán” (p. 103, salientado noso).*

Na mesma liña van outros obxectivos globais sinalados no PXNLG para a área de educación, tales como “lograr que o ensino obrigatorio garanta unha competencia plena no idioma galego e *repercuta de forma efectiva na súa adopción como lingua habitual polas novas xeracións*” (p. 94) e, nun sentido complementario, que contribúa a “vencer prexuízos cara ao galego” (p. 95). Aludimos ao PXNLG porque, tal como contemplou a presente institución na citada *Proposta institucional* (novembro, 2009), consideramos o Plan referencia básica para calquera deseño ou actuación que se formule dende as instancias do goberno para unha axeitada política lingüística, dada a unanimidade que este documento acadou no seu día nas forzas políticas representadas na Cámara lexislativa.

No propio preámbulo das “Bases”, recoñécese que o ensino constitúe “sen dúbida un sector fundamental para a implantación de hábitos lingüísticos en galego”, ao tempo que a oferta educativa debe axudar a “percibir a utilidade da lingua [galega]”: trátase de obxectivos que van alén da obtención de competencias lingüísticas.

Complementariamente, **a nosa lexislación é clara ao enunciarse o principio de progresividade** na introdución do galego no ensino, xa formulado na Lei de normalización lingüística: “As autoridades educativas da Comunidade Autónoma arbitrarán as medidas encamiñadas a *promover o uso progresivo do galego no ensino*” (13º, 2; o salientado é noso). A ese principio de progresividade responden con total coherencia as sucesivas normativas que a Xunta de Galicia foi ditando nesta área, con independencia da orientación política dos distintos gobernos: desde o Decreto 135/83, do 8 de setembro, pasando pola Orde do 1 de marzo de 1988 e mailo Decreto 247/1995, ata o Decreto 124/2007, agora en vigor. Como é notorio, **as presentes “Bases” veñen a contradicir por primeira vez de forma expresa este principio.**

En definitiva, o relevante á hora de regular o uso das linguas no sistema educativo son os obxectivos deste, mentres que os distintos modelos de bilingüismo escolar son puramente instrumentais e están necesariamente subordinados a aqueles, e por iso mesmo deben ser decididos con criterios máis ben técnicos, de efectividade. Xa que logo, resulta fóra de lugar a descualificación que se deixa caer nas “Bases” verbo do **modelo de inmersión**, cando se afirma que o Decreto 124/2007, ao non establecer un número ou porcentaxe mínima de materias impartidas en lingua castelá, “podería chegar a cambiar o modelo de conxunción de linguas desenvolvido en Galicia desde o principio da autonomía cara a un modelo de inmersión”.

**A inmersión lingüística é un dos modelos posibles para garantir o mantemento de idiomas en situación de minorización.** Trátase dunha estratexia didáctica legalmente avalada por distintas sentenzas (nomeadamente, do Tribunal Constitucional), que os gobernos poden adoptar ou non, pero que ten mostrado unha acreditada eficacia, e está apoiado nas máis variadas experiencias desenvolvidas en distintos contextos. Nas situacións de bilingüismo social asimétrico, a inmersión na lingua minorizada **ofrece os mellores resultados en termos de capacitación nas dúas linguas en contacto para os falantes tanto da unha coma da outra.** É un procedemento educativo reequilibrador que

contribúe ao bilingüismo pleno. Por iso, conta cun sólido apoio na comunidade especializada, como demostra a bibliografía máis solvente. A referencia que recollen as “Bases” non ten cabida nunha norma legal.

En resumo, a educación constitúe unha área clave das políticas públicas de promoción do galego e da convivencia lingüística, non só como garante da difusión da competencia nos dous idiomas oficiais, senón como moldeador de actitudes positivas cara ás dúas linguas e cara ao plurilingüismo. Non podería ser doutra maneira, pois como puxo de manifesto o Consello da Cultura Galega na devandita *Proposta institucional* de novembro de 2009, “o galego e o castelán son recursos valiosísimos para Galicia”. A presenza reforzada da lingua propia de Galicia nesta área non só non atenta contra o equilibrio entre as dúas linguas oficiais, senón que constitúe un elemento compensador do desequilibrio global entre elas. Isto xustifica o **principio legal de progresividade** en que se asentou o incremento da súa utilización, que estas “Bases”, en nome dun malentendido equilibrio, veñen a tronzar por primeira vez desde o comezo da nosa autonomía.

### 3. ANÁLISE DAS “BASES” E PROPOSTAS DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA

A seguir procederáse a unha análise máis pormenorizada das previsións contidas nas “Bases”, sen pretensións de exhaustividade, análise que irá acompañada das propostas e recomendacións do Consello da Cultura Galega. Tocaranse os puntos máis relevantes, ben entendido que as observacións que se irán tecendo teñen consecuencias sobre aspectos menores que, por amor á brevidade, non serán debullados neste lugar.

Cotexaranse as previsións das “Bases” co Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, un acordo parlamentario plenamente vixente e de referencia obrigada, por vir aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia con dúas maiorías alternativas, baixo goberno do Partido Popular (2004) e da coalición PSdG-PSOE / BNG. En ocasións, referirémonos ao Decreto 124/2007, do 28 de xuño de 2007, pois é o vixente ata o momento e o que se pretende derogar coa nova norma a que darán lugar as ditas “Bases”.

#### 3.1. A lingua da Administración educativa

Nas “Bases” establécese: “Na Administración educativa de Galicia, nos centros de ensino dependentes dela e entre o persoal ao seu servizo promoverase a utilización da lingua galega”.

O Consello da Cultura Galega entende como máis acaída a previsión contida no Decreto 124/2007, segundo a cal “a Administración educativa de Galicia, os centros de ensino dependentes dela e o persoal ao seu servizo utilizarán, con carácter xeral, a lingua galega” (art. 2º). Despois de case tres anos de vixencia desta disposición, resulta un contrasentido voltar á situación previa a 2007. Se, conforme o decreto vixente, a lingua galega xa debe ser utilizada con carácter xeral, parece incongruente estipular a necesidade de promovela, de maneira que a única interpretación posible desta previsión é que se pretende propiciar, sen motivación aparente, un retroceso no uso do galego.

#### 3.2. A educación infantil (0-6 anos)

*Bases para a elaboración do decreto do plurilingüismo no ensino non universitario*

### 3. Educación infantil

1. Na etapa de educación infantil, o profesorado usará na aula a lingua predominante entre o alumnado, terá en conta a lingua do contorno e coidará que adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites da etapa ou ciclo. Garantirase que se atenderá de xeito individualizado o alumnado que non teña coñecemento suficiente da lingua predominante na aula.

2. A lingua predominante do alumnado determinarase preguntándolle a cada familia pola lingua materna do seu fillo ou filla. Esta consulta farase mediante unha pregunta que as familias contestarán durante o proceso de preinscrición.

3. Cada centro educativo deberá facer constar no seu proxecto lingüístico de centro as actividades e estratexias de aprendizaxe empregadas para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da lingua oficial non predominante.

### Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega

1.1.Grupo de medidas 2.1.G (Educación preescolar e primaria):

1.1.22.Establecer unha oferta educativa en galego en preescolar (0-3 anos) e na educación infantil para todos os nenos e nenas galegofalantes.

1.1.23.Fixar, como mínimo, un terzo do horario semanal en galego nestas etapas educativas para os contextos e contornos nos que a lingua predominante sexa o castelán, coa intención de que esta porcentaxe se vaia incrementando progresivamente.

1.1.24.Desenvolver programas experimentais en galego para castelanfalantes, asegurando o seu rigor pedagóxico, así como o seu seguimento e avaliación.

1.1.25.Fomentar a adquisición progresiva da lectura e da escritura en galego, na perspectiva de que se converta no idioma de base da aprendizaxe escolar.

### Observacións e propostas do Consello da Cultura Galega

a) *Establecemento dunha oferta educativa en galego.*

Bótase en falta un desenvolvemento normativo da previsión do PXNLG, referente ao establecemento dunha oferta educativa en galego para a primeira etapa da educación infantil (0-3 anos), e unha orientación xeral sobre a lingua que se debe utilizar nesa etapa. Cómpre chamar a atención sobre o feito de que esta etapa vai dos 0 aos 6 anos, cuestión que é máis clara aínda unha vez que a Xunta de Galicia decidiu adscribir o ciclo 0-3 á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. En consecuencia, a imprevisión das “Bases” sobre o uso das linguas nese primeiro período de escolarización debe ser reparada.

O Consello da Cultura Galega entende que o equilibrio entre os mandatos legais de recibir o primeiro ensino na lingua materna e de ir avanzando no coñecemento das dúas linguas oficiais se pode conseguir sen violentar principios pedagóxicos diferenciando o papel lingüístico do ciclo 0-3 e do 3-6 no seguinte sentido:

–O ciclo 0-3 debe servir para asentar os nenos e nenas na súa lingua ambiental, polo que o mandato debería consistir en garantir unha oferta educativa suficiente nas dúas linguas.

–O ciclo 3-6 debe permitir que os nenos e nenas, ao tempo que reforzan a súa instalación na lingua primeira, vaian tomando contacto coa outra lingua oficial, como garantía de que poidan ser escolarizados en galego e castelán na Educación primaria e, na medida do posible, dispoñan dunha primeira competencia ou cando menos dunha primeira información para ao acceso aos dous idiomas nos inmediatos niveis de ensino obrigatorio.

b) *Uso por parte do profesorado da lingua predominante entre o alumnado*

Conforme o previsto no PXNLG, o Consello da Cultura Galega propón establecer, con carácter xeral, **a utilización do galego como mínimo nun terzo do horario** nos contextos e contornos en que a lingua predominante sexa o castelán. Trátase de que os nenos e nenas de contornos castelanfalantes poidan iniciarse no proceso educativo cun primeiro contacto co idioma galego, que máis adiante lles facilitará a obtención e desenvolvemento de competencias nesa lingua, tal como sinalamos no apartado anterior.

Por parte, debe terse en conta que en numerosos contornos bilingües de Galicia non existen maiorías moi amplas de falantes iniciais dunha ou outra das linguas oficiais. Segundo o criterio do Consello da Cultura Galega, estas situacións requiren un tratamento específico, que deba consistir no **uso proporcional das dúas linguas** oficiais: en caso de que o número de falantes da lingua oficial minoritaria na aula constitúa o 40 a 49% do total, ese uso proporcional debe atinxir o 50%, procurando que cada estudante se inicie na lectoescritura no seu idioma. En aulas en que eses falantes constituían entre o 20% e o 39% do total, a lingua minoritaria entre o alumnado deba empregarse nun terzo do horario escolar. Esta solución permitiría unha maior aproximación ao prescrito na Lei de normalización lingüística: “os nenos teñen dereito a recibir o primeiro ensino na súa lingua materna” (LNL, art. 13º, 1).

c) *Determinación da lingua materna do estudiantado*

O PXNLG non contén previsións neste aspecto. O procedemento previsto nas “Bases” semella impreciso en exceso, polo que Consello da Cultura Galega estima preferible unha fórmula na liña da que ofrece o Decreto 124/2007:

*A lingua materna predominante será determinada polo claustro, de acordo cos criterios establecidos no proxecto lingüístico. Para o establecemento da lingua materna deberán terse en conta, entre outros, os datos achegados polo mapa sociolingüístico de Galicia, os datos estatísticos oficiais e a información achegada polos pais e nais.*

d) *Outros aspectos*

En liña coas observacións que atrás foron desenvolvidas arredor do modelo de inmersión lingüística, e conforme as medidas propostas no PXNLG, debe preverse a posta en marcha de **programas experimentais en galego para castelanfalantes**, con carácter voluntario.

### 3.3. Educación primaria (6-12), secundaria (12-16) e bacharelato (16-18 anos)

*Bases para a elaboración do decreto do plurilingüismo no ensino non universitario*

4. Educación primaria, Educación secundaria obrigatoria e Bacharelato

1. En Educación primaria, ESO e Bacharelato,

*garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais da comunidade autónoma e potenciarase a adquisición dunha competencia efectiva en lingua(s) estranxeira(s), principalmente en lingua inglesa. Con esa finalidade, establécese que un terzo das horas semanais se oferte en galego e outro terzo en castelán, e prevese que o terzo restante se poida impartir en lingua(s) estranxeira(s).*

*2. En Educación primaria, as materias lingüísticas impartiranse na lingua de referencia. Das materias Coñecemento do medio natural, social e cultural e Matemáticas, unha impartirase en galego e outra en castelán segundo a opinión das familias, que será vinculante. Cada centro educativo, a través do seu Consello Escolar, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias, establecendo un equilibrio nas horas semanais ofertadas en galego, en castelán e en lingua(s) estranxeira(s). En calquera caso, o número de materias ofertadas en galego e en castelán, respectivamente, non será inferior a un terzo do horario lectivo semanal, e non se poderá ofertar un número de materias en lingua(s) estranxeira(s) que supere un terzo do horario lectivo semanal.*

*De maneira excepcional, os centros educativos que queiran impartir en lingua estranxeira as materias de Matemáticas ou Coñecemento do medio natural, social e cultural deberán aprobalo no Consello Escolar, previa consulta ás familias, e solicitalo á Administración Educativa, que examinará cada solicitude e autorizará a súa impartición. Será preceptivo que o centro educativo presente un horario semanal equilibrado de materias impartidas en galego, castelán e lingua(s) estranxeira(s).*

*3. En Educación secundaria obrigatoria, as materias lingüísticas impartiranse na lingua de referencia, e as familias decidirán en que lingua oficial se imparten as materias de Matemáticas e Ciencias Sociais, opinión que será vinculante. Cada centro educativo, a través do seu Consello Escolar, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias, establecendo un equilibrio nas horas semanais ofertadas en galego, en castelán e en lingua(s) estranxeira(s). En calquera caso, o número de materias ofertadas en galego e en castelán, respectivamente, non será inferior a un terzo do horario lectivo semanal, e non se poderá ofertar un número de materias en lingua(s) estranxeira(s) que supere un terzo do horario lectivo semanal.*

*De maneira excepcional, os centros educativos que queiran impartir en lingua estranxeira as materias de Matemáticas ou Ciencias Sociais deberán aprobalo no Consello Escolar, previa consulta ás familias, e solicitalo á Administración Educativa, que examinará cada solicitude e autorizará a súa impartición. Será preceptivo que o centro educativo presente un horario semanal equilibrado de materias impartidas en galego, castelán e lingua(s) estranxeira(s).*

*4. En Bacharelato, cada centro educativo aprobará unha oferta equilibrada de materias comúns, de modalidade e optativas para impartir en galego, en castelán e en lingua(s) estranxeira(s).*

### *Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega*

#### *2. Grupo de medidas 2.1.H (Educación primaria, secundaria e bacharelato):*

*2.1.22. Na Educación primaria garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego. Á parte da área de coñecemento do medio natural, social e cultural, xa fixada legalmente, fomentarse que se impartan nesta lingua materias troncais en toda a etapa, como as matemáticas.*

*2.1.23. Na Educación secundaria obrigatoria garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego. Dentro das posibilidades de cada centro, tenderase a que entre as materias que se impartan nese idioma figuren as matemáticas e a tecnoloxía, á parte das que xa están legalmente establecidas.*

*2.1.24. Nos bacharelatos garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego.*

### **Observacións e propostas do Consello da Cultura Galega**

En relación coa Educación primaria, secundaria e bacharelato, o Consello da Cultura Galega considera oportuno presentar as observacións e propostas que se desenvolven a seguir.

#### *1. Introducción dunha lingua estranxeira como vehicular nun terzo do horario lectivo*

O Consello da Cultura Galega ten obxeccións fundamentais que opoñer a esta previsión, tanto de principio doutrinal coma de orde práctica no que afecta á organización educativa. Cómpre deixar constancia de que estas obxeccións se formulan desde a plena convicción de que unha satisfactoria capacitación do alumnado galego nunha lingua estranxeira (por sinal, o inglés) constitúe un obxectivo da maior importancia do sistema educativo. A consecución do dito obxectivo esixirá un grande esforzo da Administración e da comunidade educativa (en particular, do profesorado) e obrigará ao goberno galego a elaborar un programa coidadosamente estudado e moi ambicioso, que dará continuidade aos que xa están en marcha desde hai anos, con resultados apreciáveis (as impropriamente denominadas “Seccións bilingües”, que en realidade son “Seccións trilingües”). Non obstante, canto ao uso vehicular do inglés (ou, de ser o caso, doutra lingua estranxeira), cabe obxectar:

a) **Non resulta adecuado**, mesmo desde o punto de vista formal, **tratar esta cuestión nunha norma que ten como obxecto a regulación da utilización no sistema educativo das dúas linguas oficiais de Galicia**. Unha lingua estranxeira, por máis importante que sexa, ten un estatuto legal claramente distinto ás dúas linguas oficiais: o que atinxe ás segundas sitúase no ámbito do esencial constitucional e estatutario, mentres que o que atinxe á primeira corresponde ao ámbito das políticas públicas. Todo o máis, o obxectivo de mellorar e estender a competencia en inglés (ou outra lingua estranxeira de proxección internacional, como o portugués) mediante a súa introdución como lingua vehicular pode ser enunciado na norma en foco, con remisión a unha norma específica distinta, e cunha indicación xeral de que esta introdución non deberá facerse á custa do horario de uso dunha soa das dúas linguas oficiais.

b) **A previsión de utilización dunha lingua estranxeira como lingua vehicular nun terzo do horario lectivo**, con carácter xeral e uniformemente desde a educación primaria ata a fin do bacharelato, **resulta desaconsellable** desde o punto de vista pedagóxico e **inviable** na práctica, ao menos a curto e medio prazo.

Con certeza, diversos informes da Unión Europea veñen recomendando o uso vehicular dunha lingua estranxeira na educación regrada, nomeadamente o inglés, para asegurar unha mellora substancial da competencia nela dos e das estudantes<sup>(1)</sup>. Esa recomendación aplícase tanto ás rexións monolingües coma ás bilingües, como é o caso de Galicia. Así e todo, por razóns de peso (en gran parte obvias e que en todo caso parece escusado detallar neste lugar), na maioría dos países europeos o groso dos esforzos



neste terreo véñse concentrando, ao menos nas fases iniciais da introdución da lingua estranxeira, no ensino universitario. Isto é precisamente o que o Consello da Cultura Galega recomenda: nunha primeira fase, concentrar os esforzos a prol do plurilingüismo no ensino universitario –por certo, incluíndo nese plurilingüismo a promoción do uso do galego.

Con relación aos niveis non universitarios, na xeneralidade dos países da Unión Europea (incluíndo España), **a introdución do inglés como lingua vehicular véñse producindo de xeito voluntario e gradual**, e vai acompañada de xeito inescusable dun conxunto de **medidas de reforzo**, dirixidas tanto ao profesorado coma ao estudantado. A paulatina introdución da lingua estranxeira como vehicular esixe unha previa mellora substancial dos métodos, dos recursos e dos resultados no ensino/aprendizaxe do inglés como lingua-materia: nestas etapas educativas, parece lóxico concentrar os esforzos precisamente niso. E, de certo, non existe ningunha razón plausible para que, tal como acontece nas “Bases”, a Formación profesional específica e as ensinanzas artísticas e deportivas queden á marxe das medidas tendentes a reforzar a competencia en inglés do estudantado.

As previsións das “Bases” neste punto foron xa matizadas polas autoridades da Xunta de Galicia en diversas manifestacións públicas dos pasados días, e de xeito máis claro e formal nunha circular dirixida pola Consellaría de Educación ao profesorado do ensino público non universitario, distribuída os pasados 19 e 20 de xaneiro, onde se afirma:

*Apostamos por un ensino no que se garanta o equilibrio en horas lectivas entre o galego e o castelán, para a medio prazo ir introducindo algunha materia en lingua estranxeira – predominantemente o inglés (...). A administración educativa vai facer o máximo esforzo para que os centros educativos e o profesorado se incorporen, de maneira progresiva, gradual e voluntaria, ao ensino plurilingüe [salientado noso].*

Estas formulacións da circular, acordes coas recomendacións dos expertos e das autoridades educativas europeas e coa práctica xeral dos países máis experimentados neste ámbito, contradín as previsións literais das “Bases”.

En definitiva, a mellora na capacitación do estudantado en linguas estranxeiras, por sinal en inglés, é un reto importantísimo do sistema educativo que constitúe materia substancialmente distinta á tratada nas “Bases” e, como tal, **debe ser obxecto de estudo, reflexión e debate nun momento distinto, e debe plasmarse nunhas disposicións normativas e nunha acción governamental específicas**. A previsión, tal como aparece nas “Bases”, só contribúe a crear unha gran confusión doadamente evitable.

## *2. Reparto do horario docente entre o galego e o castelán*

Aclarada a cuestión do uso vehicular dunha lingua estranxeira nun terzo do horario lectivo, o modelo lingüístico subxacente ás “Bases” déixase enxergar con maior claridade: o principal criterio que rexe o repartimento de horas entre as dúas linguas oficiais é a paridade, tanto cuantitativa (número de horas) canto cualitativa (tipo de materias). No mesmo sentido vai a “Disposición transitoria primeira” das “Bases”, ao establecer que:

*na medida en que os centros educativos non dispoñan dos recursos humanos que lles permitan ofertar as horas semanais en lingua(s) estranxeira(s), estas impartiranse en galego e castelán, escoitando a opinión das familias e aprobando no Consello Escolar unha asignación lingüística que asegure o máximo equilibrio na distribución de horas semanais nas dúas linguas oficiais.*

Xa que logo, na práctica, para a maioría dos

centros, a curto e medio prazo, o resultado da aplicación da norma sería basicamente **un modelo de reparto ao 50% da docencia entre o galego e o castelán**, reparto paritario que tamén debería aplicarse ás materias comúns.

Á vista das consideracións que expuxemos antes sobre o papel do sistema educativo na promoción do galego, como factor de compensación de desigualdades de status social das linguas (véxase atrás, § 2), e lembrando que o PXNLG contempla que nestes niveis “como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego”, o Consello da Cultura Galega considera que **este reparto ao 50% se debe entender como marco de referencia xeral flexible**, que, para que non entre en colisión co principio de progresividade do uso do galego, **terá que se adaptar aos distintos contextos sociolingüísticos e educativos, mediante un procedemento regrado** que deberá establecer a Xunta de Galicia.

En todo caso, na liña do contemplado nas “Bases” (disposición adicional segunda), deberán realizarse avaliacións periódicas do nivel de competencia conseguido polo estudantado nas dúas linguas oficiais en educación primaria e secundaria obrigatoria. Estas avaliacións deben servir como un dos elementos orientativos á hora de adaptar o proxecto lingüístico de cada centro ao devandito marco xeral.

## *3. Elección entre o galego e o castelán nunha serie de materias, por parte dos pais, mediante consulta vinculante*

O Consello da Cultura Galega rexeita esta previsión, por considerar que, ademais de resultar imposible de tornar operativa na organización educativa, é invasiva **das competencias e responsabilidades atinxentes á organización da docencia que corresponden á Administración pública e aos propios centros do ensino, e unha potencial fonte de tensións e conflitos** no seo da comunidade educativa. Ao goberno galego compéttelle decidir sobre a materia, e esta competencia que non parece delegable nas familias. A dificultade para viabilizar dun xeito sensato tal previsión ponse de vulto na disposición adicional primeira das “Bases”, onde se establece que o proceso de consulta se realizará cada catro anos: isto deixaría sen opción de decidir a moitas familias, ao tempo que deixaría nas mans dunhas familias a capacidade de tomar decisións que afectan aos fillos e fillas doutras, dun xeito totalmente arbitrario.

Outrosí, semella inaceptable a previsión de que na etapa de Educación primaria as familias elixan entre o uso do galego ou do castelán nas materias Coñecemento do medio natural, social e cultural ou Matemáticas. O mesmo pode dicirse (e aínda con máis razón) da previsión parella de que na Educación secundaria obrigatoria as familias decidan en que lingua se impartirán as materias de Matemáticas e Ciencias sociais. Non se enxergan criterios razoables con que as familias poderían tomar esa decisión. Estas previsións atópanse en aberta contradición cos criterios didácticos e sociolingüísticos e coa simple lóxica da organización educativa.

Isto non significa que o Consello da Cultura Galega menosprece a importancia da participación das familias na educación. Pero xa existen canles para vehicular esa participación, e en ningún caso esta debe supor un elemento disfuncional en relación co desenvolvemento do currículo educativo e da práctica docente, nin un factor de distorsión da

vontade xeral da cidadanía en relación cos obxectivos e a ordenación do sistema educativo. Se o goberno galego considera apropiado coñecer a opinión das familias, sempre con carácter puramente orientativo, pode encargarlles aos centros especializados (como o Instituto de Ciencias da Educación) a realización periódica de inquéritos e estudos.

### 3.4. Formación profesional específica, ensinanzas artísticas e deportivas

*Bases para a elaboración do decreto do plurilingüismo no ensino non universitario*

*5. Formación profesional específica, ensinanzas artísticas e deportivas.*

*Na formación profesional específica, nas ensinanzas artísticas e nas deportivas, de grao medio ou superior, cada centro educativo garantirá que o desenvolvemento das ensinanzas asegure que o alumnado alcance a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais.*

*2. En todos os módulos garantirase que o alumnado coñeza o vocabulario específico en galego.*

*3. Desenvolveranse as habilidades de comunicación oral e escrita para facilitar o desempeño laboral no espazo europeo.*

*Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega*

2.1.26 Nos ciclos formativos garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego. Deberase asegurar, ademais, que o alumnado coñeza o vocabulario específico da especialidade en lingua galega.

O Consello da Cultura Galega chama a atención sobre a falla de calquera tipo de previsión nas “Bases” en relación co emprego do galego na docencia na formación profesional específica e nas ensinanzas artísticas e deportivas, e considera que a norma reguladora do uso das linguas cooficiais no sistema educativo debe recoller a previsión contida no PXNLG, tal como fai o Decreto 124/2007, aínda en vigor. Así mesmo, como antes se fixo constar, considera que as medidas de reforzo da competencia en lingua inglesa deben contemplar tamén estas ensinanzas.

### 3.5. Horarios e utilización das linguas

Nas “Bases” establécese que, fóra das materias de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, “en todas as áreas, materias ou módulos impartidos en galego ou castelán o alumnado poderá utilizar nas manifestacións oral e escrita a lingua oficial da súa preferencia”. Esta previsión é contraditoria coas finalidades expresadas no preámbulo do propio texto, onde se considera que un dos obxectivos da introdución do galego no ensino é precisamente “a implantación de hábitos lingüísticos en galego” e se salienta a necesidade de “reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos”.

Por tanto, **a previsión xenérica de que o alumnado utilice nas aulas e nos exames o idioma da súa preferencia**, con independencia da lingua asignada a cada materia, **carece de lóxica educativa**. Se un dos obxectivos principais da introdución do galego no sistema educativo é a capacitación do estudiantado nas dúas linguas oficiais, e se dúas das destrezas constitutivas da competencia lingüística son a expresión oral e a expresión escrita, o único procedemento para conseguir, exercitar e demostrar o progreso na obtención desas competencias é usar o galego nas materias dadas nese idioma, e o castelán nas materias impartidas nestoutro idioma. Outra cousa é que esa previsión xeral sexa matizada en función de criterios pedagóxicos e principios educativos. Por tanto, o uso, por parte do alumnado, do idioma en que se imparte cada materia debe

ser a norma xeral, aínda que pode ser conveniente explicitar que esta norma debe ser aplicada de xeito tanto gradual (ao longo do currículo), coma flexible, atendendo aos distintos contextos sociolingüísticos e ás condicións individuais de cada estudante.

## 4. CONCLUSIÓNS

Como adro das conclusións deste ditame, lembraremos aquí, en apertado resumo, as propostas fundamentais contidas no acordo remitido en novembro de 2009 ao Parlamento de Galicia:

A) As liñas mestras da política lingüística en Galicia, e calquera modificación substantiva da normativa legal vixente, deben ser arroupadas por **un amplo consenso político, social e institucional**.

B) **En ningún caso se deben tomar medidas que supoñan pasos atrás no proceso de recuperación do galego** como lingua propia de Galicia, co obxectivo de situalo en pé de igualdade co castelán.

C) Os responsables políticos e o goberno galego deben impulsar un discurso público en que o idioma galego deixe de formularse en termos de problema e pase a comprenderse en termos de recurso ou activo social.

D) O goberno galego está obrigado a dispor dos recursos necesarios para o eficaz desenvolvemento de políticas de promoción do galego. **Estas actuacións non deben reducirse ao ámbito educativo**, senón que deben ir dirixidas ao conxunto da sociedade, procurando concitar a colaboración activa dos axentes civís.

Á vista das consideracións devanditas, o Consello da Cultura Galega acordou daquela dirixirse ao Parlamento de Galicia, para propoñerlle a **constitución dunha Comisión Parlamentar** que elabore unha proposta de desenvolvemento consensuado do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, unha proposta que debera forxarse nos próximos meses e ter como horizonte de aplicación a presente lexislatura.

Xa en relación coas “Bases”, o Consello da Cultura Galega valora positivamente a iniciativa do goberno galego de consultar de forma oficial con esta institución e con outras o seu parecer, pero recomenda á Xunta de Galicia que non tome decisións unilaterais sobre un asunto tan sensible e tan necesitado de consenso social e político, como é a utilización das linguas oficiais de Galicia no sistema educativo.

Canto ás propostas concretas contidas nesas “Bases”, e atendendo soamente aos aspectos fundamentais, o Consello da Cultura Galega resume nos seguintes puntos o seu parecer:

1. A denominación da norma debera referirse ao seu carácter regulador do uso das linguas oficiais no sistema educativo e de promoción do idioma galego.

2. A lingua da Administración educativa, dos centros de ensino dependentes dela e do persoal ao seu servizo debe continuar a ser, con carácter xeral, a lingua galega.

3. Aínda compartindo plenamente o obxectivo de fomento dunha boa competencia do alumnado nun terceiro idioma, as previsións relativas á introdución dunha lingua estranxeira como vehicular nun terzo

do horario lectivo resultan precipitadas, alén de extemporáneas nunha norma destinada a regular o uso das linguas oficiais no sistema educativo. Por tanto, estas materias deben ser obxecto de regulación separada e específica.

4. A utilización vehicular da lingua estranxeira debe ser introducida de xeito gradual e voluntario, na liña dos programas aplicados noutros países, e como continuación dos xa emprendidos en Galicia (as chamadas “Seccións bilingües”, en realidade trilingües). A formación profesional específica e as ensinanzas artísticas e deportivas deben tamén beneficiarse desas medidas.

5. Debe contemplarse a oferta educativa en galego no primeiro ciclo da educación infantil (0-3 anos), tal como sinala o PXNLG.

6. No segundo ciclo de educación infantil (3-6 anos), debe seguirse como criterio xeral o uso na aula da lingua predominante entre o alumnado, aínda que o Consello da Cultura Galega manifesta reservas canto ao procedemento contemplado nas “Bases” para a determinación desta. Ao mesmo tempo, o Consello da Cultura Galega recomenda prestar unha maior atención á lingua minoritaria nas aulas (tanto se esta é o galego coma se se trata do castelán), especialmente en ambientes bilingües con forte presenza dos dous idiomas oficiais.

7. Ademais, na etapa de educación infantil deben recollerse dúas previsións do PXNLG: o uso do galego nun terzo do horario nos ambientes castelanófonos e a posta en marcha, con carácter voluntario, de programas experimentais en galego para castelanfalantes.

8. As previsións das “Bases” cara ao establecemento dun equilibrio horario no uso do galego e o castelán na Educación primaria, secundaria obrigatoria e Bacharelato deben ser contempladas á luz do preceptuado no PXNLG, cando sinala que “como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego”; por tanto, deben ser formuladas como marco de referencia xeral e flexible. Ese marco xeral debe ser adaptable aos distintos contextos sociolingüísticos, tendo en conta o principio de progresividade e o papel de reforzo do sistema educativo para conseguir a igualdade plena do galego e do castelán. O goberno galego debe fixar os criterios e o procedemento que os centros educativos seguirán para realizar tal adaptación.

9. As previsións referentes á consulta vinculante ás familias para a determinación do uso do galego ou do castelán como linguas vehiculares nunha serie de materias da Educación primaria, secundaria obrigatoria e Bacharelato deben decaer, tanto por razóns de principio como por cuestións prácticas e de procedemento.

10. As previsións atinxentes ao uso libre, oral e escrito, do galego e do castelán por parte dos estudantes deben ser rectificadas. O principio xeral debe ser o do uso da lingua en que cada materia é impartida, unha esixencia que será de aplicación gradual e flexible.

A xeito de conclusión global, na liña da proposta institucional aprobada en novembro de 2009, o Consello da Cultura Galega chama ás forzas políticas e sociais, así como ás institucións autonómicas, a realizaren un esforzo por consensuar un modelo de bilingüismo educativo conforme no espírito e na letra coa nosa lexislación, orientado cara á obtención dunha competencia satisfactoria nas dúas linguas oficiais, ao fomento do idioma galego, á mellora das actitudes cara aos dous idiomas oficiais, á integración social e á convivencia, flexible e adaptable aos distintos contextos sociolingüísticos, e que nas súas

trabes mestras conte cun horizonte de estabilidade, a resguardo das polémicas partidistas e dos vaivéns electorais.


As devanditas consideracións están guiadas pola fidelidade do Consello da Cultura Galega aos obxectivos que lle marca a lei, a lealdade ás outras institucións da Comunidade Autónoma, o espírito construtivo e a vontade de servizo á comunidade educativa e a toda a sociedade galega.

*Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2010*


.....  
(1) Orientacións claras da Unión Europea neste sentido aparecen xa nun importante documento da Comisión Europea de 1995, aínda que en referencia ao ensino secundario: “It is no longer possible to reserve proficiency in foreign languages for an élite or for those who acquire it on account of their geographical mobility [...] It is becoming necessary for everyone ... to be able to acquire and keep up their ability to communicate in at least two Community languages in addition to their mother tongue [...] It could even be argued that secondary school pupils should study certain subjects in the first foreign language learned ...” (Citado de Fourth general objectives of the White Paper on education and training - Teaching and Learning: Towards the Learning Society. Comisión Europea [DG XXII & DG V], 1995). Este informe da Comisión Europea adoita considerarse a pedra angular para o posterior desenvolvemento de políticas públicas europeas en materia de ensino/aprendizaxe de linguas estranxeiras. Máis tarde aprobáronse documentos específicos, como Promover el aprendizaje de lenguas y la diversidad lingüística (2002, pode consultarse en [http://ec.europa.eu/education/languages/archive/policy/consult\\_en.html](http://ec.europa.eu/education/languages/archive/policy/consult_en.html)), de onde naceron sucesivos plans de actuación (véxase [http://ec.europa.eu/education/doc/official/keydoc/actlang/act\\_lang\\_en.pdf](http://ec.europa.eu/education/doc/official/keydoc/actlang/act_lang_en.pdf)). Outros documentos e informes máis directamente relevantes para a cuestión do uso vehicular de linguas estranxeiras, incluíndo contextos bilingües e atendendo tamén á educación primaria: Trilingual Primary Education in Europe (2001) e CLIL/EMIL: The European Dimension. Actions, Trends and Foresight Potencial (2002). Ofrécese un resumo panorámico e actualizado do asunto, con remisión a fontes de referencia, en Hugo Baetens Beardsmore, “Language Promotion by European Supra-national Institutions”, no volume Ofelia García, Bilingual Education in the 21st Century. A Global Perspective, 2009.



*de  
oisi  
y*



Lupe e John



# *mándoche esta árbore branca*

*(correspondencia con John Berger)*

## **Lupe Gómez**

A literatura é como a danza, un diálogo no que baila un e baila o outro. Un xeito de intercambio coas persoas: cos outros escritores, cos amigos... Así o entende Lupe Gómez, autora de títulos imprescindibles da literatura galega recente como *Quero bailar*, *Fisteus era un mundo* ou *Pornografía*. Revista das Letras recolle neste número o froito da correspondencia de Lupe cun creador co que se sente moi identificada: John Berger. Un texto que transita entre o teatro e a poesía. E que serve, ademais, como unha pequena mostra do traballo que a escritora reunirá nun libro de próxima aparición en Laiovento: unha obra agromada das súas cartas con John Berger e Xohana Torres e da poesía de Uxío Novoneyra. “Xente á que me sinto moi unida”, di Lupe. “Gústanme moito os libros de John Berger. Como fala da arte, dese xeito tan pegado á vida. Como describe a desaparición do mundo rural... Gústame falar por carta cos escritores que me gustan. Ao principio foime difícil dar con el, pero agora escríbolle e sempre me contesta. E a min faime moita ilusión...”, explica.

"Thank you, thank you for your voices and the sound of the waves."

John Berger

## "Querido descoñecido"

Amar as persoas que coñecemos e vemos todos os días, non ten mérito. O que resultaría difícil, e ten moitísimo valor, sería amar os descoñecidos. Cando lemos un escritor que nos gusta moito, sentimos que estamos coñecendo un descoñecido, e dalgún xeito namorámonos. Estou namorada de John Berger. Teño unha correspondencia con el dende hai catro anos. Nese tempo sentín que el é unha persoa cunha xenerosidade sen límites e converteuse no meu amigo máis fiel. Nunca o vin en persoa. Nunca falei con el en vivo e directo. Espiritualmente sinto que todos os días paseo con John polo "Barrio das cousas imposibles" e que, estando con el, ninguén nos podería facer dano. Gústame escribir sobre lugares nos que nunca estiven e nos que quizais nunca estarei. Ás veces resúltame máis fácil que falar de lugares que coñezo moito. Monforte é a miña patria literaria. Creo que nunca lin a Cabanillas pero a súa poesía paréceme embriagadora e gústame moitísimo. Os libros que máis me namoran son os que nunca lin e os que nunca lerei. Amo a Monforte con todas as miñas forzas aínda que nunca estiven nese lugar de néboa. John Berger máis eu intercambiamos palabras, postais, discos, libros, pinturas, debuxos... El é un home aplicado. Escribe cartas para unha descoñecida de Galicia. Ás veces escribe mal o meu enderezo e teño que ir a buscar as súas cartas ás casas das veciñas. No día dos namorados quero enviarlle unha rosa branca a John, e desconfiar dese dito popular: "Non te fies dos descoñecidos."

"I want that the New Year sings you songs! -not the english poet-. Just John somehow managing to hold some hands". John Berger

## HIPOPÓTAMOS

Queridísimo John.  
Mándóche, con moito cariño,  
unha árbore branca. Esperar as túas  
cartas fai que a vida teña sentido.  
Mándóche hipopótamos na intimidade  
branca do papel. Ti mándasme unha  
foto do teu pobo francés. Manchar  
os folios é como manchar as bragas.

Unha vez coñecín un hipopótamo  
nunha festa de aldea. Fíxenme amiga  
dos seus ollos enormes e tristes. Se  
teño unha filla voulle poñer de nome  
Rosalía. Será boa ou mala esa nena que  
vai nacer da néboa? Terá dentes?  
Camiñará segura de si mesma ou  
tropezando con todas as cousas?

Mándóche un cadmio branco,  
tan luminoso como un barrio de  
artistas e obreiros, tan máxico  
como unha sorpresa inesperada.  
Es o meu amigo máis fiel!  
Nas portas da catedral sempre  
hai pobres pedindo amor.

Vasme enviar unha carta sen  
dirección e sen remitente?  
Vouche enviar un hipopótamo

tan azul como un conto de medo.  
Quero pasear contigo por rúas  
estreitas. No teu pelo branco e  
nos teus silencios vexo un  
ceo cheo de estrelas. Vasme  
enviar unha carta urxente?  
Vouche enviar unha infusión  
de froitas do bosque...

(No escenario hai tres lagartos que non falan de nada, non miran nada. O 9 e o 23 de cada mes son días de feira. Se a música está barata, cómprame un piano.)

"A strange thing happens because reading your words in your letter and the shorts lines of your poems I have the feeling of handling a tool I used every day in another life".

John Berger, 22-2-2006

(No parque da Almaciga están John, o poeta inglés, e Floreada, a fotógrafa galega. É un dos parques máis solitarios e misteriosos da cidade. Son as 8 da mañá. Amence con dificultade. John está sentado nun banco de pedra, porque está un pouco canso, dóenlle un pouco as pernas. Floreada leva un vestido británico. Mercouno en Londres.)

FLOREADA: Bo día, John. Queres que che faga unha foto? (Floreada ten unha cámara de fotos.) Estás tan guapo como se tiveses vinte e cinco anos. (Pausa.) Merquei este vestido nun mercado de froita. Gústache a miña roupa?... Cres que é necesario pintar os ollos?...

JOHN: Faime tantas fotos como ti queiras. Deixo que te convertas na fotógrafa dos meus ollos azuis. En Galicia acaba o mundo pero eu sinto que en Fisterra aínda quedan cabalos salvaxes. Prefiro estar na praia que nun museo de arte contemporánea. Todos os días recibo cartas cheas de fotos incomprensibles.

FLOREADA: Fotos incomprensibles?... (Pausa.) Ti reinventaches a forma de mirar. Ti ordenaches o crebacabezas. A tenrura que hai nos teus libros faime soñar con planetas afastados. Fago fotos para alimentarme. Teño unha biblioteca de recordos tristes.

JOHN: (Floreada faille fotos. El segue sentado no banco. Floreada móvese ao seu redor. Tamén fotografa árbores, paxaros, terra, pedras...) Recordos tristes?... (Pausa.) Neste parque o mundo móvese lentamente, pero as túas fotos son rápidas.

FLOREADA: Vou a Londres todos os invernos. Necesito mesturarme coa néboa, cos autobuses vermellos e cos anuncios publicitarios. Teño moita fame. Teño moita sede. (Pausa.) Querido amigo, a foto do amencer é unha balada de Chopin.

JOHN: Teño oitenta anos pero sigo bebendo licor de herbas. Sei facer torta de mazá. Camiño todos os días cinco quilómetros. Quedo pensando, en silencio, durante cinco minutos, antes de contestar as preguntas dos periodistas. Non estou só. Non me sinto canso nin vello. (Pausa.) Queres que che faga unha foto?

(Johnponse de pé e colle a cámara de fotos. Floreada sube cos pés ao banco e fai xestos e garatuxas. Unha árbore canta unha canción popular: "Estudí para ladrón y conseguí la carrera. El primer robo que hice fueron tus ojos, morena.")

FLOREADA: Nas fotos está viva a memoria da auga.

"Strange -or not?- coincidence! Your song about shoes came just when I couldn't walk because my right foot had suddenly become very painful." John Berger

(Un avión e un autobús da empresa Freire entran ao mesmo tempo nun estanco. O avión está vestido de branco. O autobús Freire trae un cesto de patacas e queixos. No estanco hai paquetes de tabaco de todas as marcas do mundo. Os zapatos do avión teñen música. O bigote do autobús é fermoso. Fuman porque viaxan moito. A estanqueira é unha muller con moito carácter e ten os ollos pintados de rosa.)

ESTANQUEIRA: Que queredes comprar?

**AUTOBÚS:** Quero un paquete de tabaco negro.

**AVIÓN:** Desexo un paquete de tabaco rubio. (A estanqueira sêrvelles o tabaco.)

**AUTOBÚS:** (Ao avión) Ti sempre fuches moi presumido. Como vas polo aire cres que es o rei do mundo. Eu teño que ir pola estrada, porque estou reprimido e son pobre. (Pausa.) Ti levas homes de negocios, top models e xente famosa. Eu levo labradores e estudantes que van a Santiago. A vida é moi humilde para min. (Pausa.) Téñoche envexa porque vas a Berlín e a Barcelona. Eu só vou a Arzúa e Lugo.

**AVIÓN:** Non sexas tan envexoso (Fai lle aloumiños ao autobús.) Ti andas sempre amodiño, móveste en distancias curtas e tes a conciencia tranquila. (Pausa.) Eu vivo nunha constante vertixe. Ti vas falando cos pasaxeiros e eu vou tan veloz que non teño tempo para conversar nin para escoitar música. No corazón dos autobuses está escrita a Historia dun pobo. A empresa Freire é moi antiga. (O avión dálle un bico ao autobús.) Os avións e os autobuses non deberían fumar (Acende un cigarro.)

**AUTOBÚS:** (Tamén acende un cigarro.) Cando entro no aeroporto de Lavacolla recoller xente que vén doutros países, síntome fascinado ao ver avións de verdade, reais, grandes, brancos. Voar é fascinante. Sentir que unha máquina te leva nas súas ás como se fose un paxaro é algo que só podería entender un poeta místico. Abro moito os ollos cando vexo un avión. (O avión abraza o autobús.)

**AVIÓN:** Gustaríame andar pola terra, sentirme apegado á vida.

**AUTOBÚS:** Sempre tomo un café con galletas antes de emprender a miña viaxe. Vou tranquilamente pola vida. Unha muller guapa espérame polas noites para que vexa con ela a televisión. A empresa Freire existe dende a Prehistoria. Agora estamos modernizando os autobuses para que parezan avións.

**AVIÓN:** Que divertido é ir en autobús! Sentir que o tempo non corre. Deter o pulso sanguíneo das estatuas. (O avión fuma con tanto estilo como Sara Montiel.)

.....

"I got new shoes and a sole. And now, it's much better, and with you I'm the happiest person in the world." **John Berger.**

## BOLBORETAS

Que é o desexo sexual? Son bolboretas clandestinas. Podemos sentirnos atraídos por unha persoa ou polas propias palabras. Teño ganas de durmir e soñar. O meu corpo transfórmase cando escribo un poema.

O ritmo dos versos tamén é a música das mans, dos ollos. De noite vese moito mellor, escíbese moito mellor. As cópulas son fantasías eróticas. Déixame deitarme contigo, e que a linguaxe sexa o vento que me fai ser unha princesa salvaxe. Quero pasar unha noite enteira cos aloumiños da poesía. Nunca vin unha persoa morta no teatro.

Poñereime guapa para teclear no ordenador portátil. Namorareime dunha metáfora ou dun trazo forte e limpo. Farei caligramas para enviarllos a Novoneyra. Espertarei nun campo de fútbol e xogarei á pelota. Berrarei moitísimo cando meta un gol.





for Lupe



On the 23rd in the market where  
music costs little, I buy you  
a pomegranate (thirst-quenching  
and sweet) whose seeds are wounds

John



for  
Lupe

John

and the birds

Abrazo fuerte

Quincy

Lupe - strange (or not?)  
coincidence! Your song about  
shoes came just when I  
couldn't walk - because my  
right ~~foot~~ foot had suddenly  
become very painful. [I have  
very high arches to my feet,  
and this had disturbed, after  
many many years, the bones!]



Like this! Only I drew the  
wrong foot! It should be the right!  
I got new shoes and a



← sole.  
And now, after 3 weeks, it's  
much better, and with you "I'm  
the happiest person in the world!"  
LOVE 2 U. Abrazo fuerte John.

Os orgasmos literarios existen.  
Gozar coa túa pel, co teu sorriso.  
Concentrarme e entregarme tanto  
ás palabras como se a morte estivese  
cerca da miña rúa, esperándome.  
As bolboretas clandestinas voan  
por enriba do teu corpo e do meu  
corpo. O xardín da alegría fai que  
eu me estremeza de calor e frío.

(No escenario unha nena fai un pastel de mazá.)

.....

"On the 23rd in the market where music costs little, I buy you a pomegranite (thirst-guening and sweet) whose sounds are wounds." **John Berger**

## VIS A VIS

Síntome encarcerada nos meus propios  
sentimentos. Chega John Berger en moto.  
Vén visitarme ao cárcere. Teño sucio o pelo  
e negras as mans. Coloco un floreiro e  
fago unha poesía rara. Soño con esmeraldas.

Berger regálame un caderno. Dígolle que  
paso moito medo polas noites, a comida  
atragántaseme na gorxa e sufro moito.  
Un Vis a Vis é un encontro hipotético.  
El naceu en Londres e eu vivo na escuridade.  
Os ollos de John son aloumiños.

El cruza a neve para ser o primeiro en  
chegar e que lle abran a porta do cárcere.  
Non teño días festivos, clases de  
Filosofía nin cursos de manualidades.  
John trae unha cuncha do mar  
para que baile con ela e non me  
perda entre as sombras. Non quero  
pensar na morte. O inferno sería  
a amputación dos seres queridos.

A virxe de Fátima, cando vai  
pola ribeira, descalciña pola area,  
xoga cunha consola Nintendo e  
fai coreografías preciosas.  
Berger reza un responso a  
Santo Antonio para que eu saia  
do cárcere. As mulleres son moi  
elegantes cando deciden abandonar  
os labirintos. John regálame  
unha pintura, unha máscara e  
un reloxo con agullas grandes.  
Eu doulle un bico azul...

(Manolo Rivas observa o ángulo do ceo onde a treboada rebenta.)

.....

(No escenario están Francisco Pillado, vestido cun abrigo negro como un home invisible, e un piano precioso de cola, de cor escura. O piano brilla tanto como se estivese en Viena. Pillado fuma en pipa e interpreta unha música belísima, difícil. O piano e Pillado son moi amigos e quérense moito. Hai entre eles moita confianza. Unha bruxa vestida de branco cruza o escenario porque vai visitar a John Berger.)

PILLADO: Os luns son terribles. Cústame moitísimo esforzo  
empezar unha nova semana. *(Pausa.)* Son editor de teatro e  
leo moitos orixinais cada día. Os escritores mándanme textos  
como se fosen compás incontrolables. Gústame tocar o piano  
cando hai tormentas maravillosas no ceo e os ollos dos gatos  
se enchen de electricidade. Cando eu era adolescente tiña  
moitos amigos pianos.

PIANO: Síntome orgulloso de producir música para que ti  
soñes con trens. Abúrrome sendo un piano pero cando ti

levas un abrigo negro eu sei que vas tocar unha sinfonía e  
unha orquestra invisible vai nacer nas profundidades da Terra.  
*(Pausa.)* A música é un manancial de auga clara que brota nos  
edificios máis altos da cidade da Coruña.

PILLADO: Onte fun ao colexio e puxéronme uns deberes  
difíciles. Teño que escribir unha micropoesía cun rotulador  
de cor violeta. Teño que aprender palabras estrañas. Teño  
que facer un encrucillado con música eterna de Beethoven.  
*(Pausa.)* Ti, querido piano, permites que a miña alma encontre  
momentos de felicidade e sosego.

PIANO: O mundo é moi gris.

PILLADO: A mellor vacina contra a vulgaridade é a beleza  
romántica das selvas. *(Pausa.)* Queres vir comigo e con Gustav  
Mahler a unha excursión polo interior de Francia? Queres  
conversar con Ignacio Ramonet? Queres coñecer as montañas  
máis altas do mundo?

PIANO: Hoxe estou un pouco triste. Sinto unha especie de  
nostalxia sen pasado e sen futuro. O idioma galego non vai  
desaparecer porque é forte como un carballo de cristal. Os  
luns cústame moito volver ao colexio. As clases parécenme  
aburridas.

PILLADO: Non te deprimas, piano. Non te envolvas de brétemas  
e sombras. Mozart sabía tocar a frauta como se tivese unha  
catedral nos dedos das mans. *(Pillado toca o piano e unha  
horrible tormenta desátase no ceo.)* Sabes cantar a canción de  
Carolina?

PIANO: *(Cantando e bailando.)* A saia da Carolina ten un  
lagarto pintado. Cando a Carolina baila o lagarto move o rabo.

PILLADO: *(Cantando e bailando co piano.)* Bailaches, Carolina?  
Bailei si, señor. Dime con quen bailaches. Bailei co meu amor.  
*(Caen farrapos de neve sobre o escenario.)*

.....

"And I send back to you blue and the fragile, fragile pink of the magnolia-bush flower."  
**John Berger**

## OUTLET

John Berger máis eu  
collemos o autobús ás 8.30  
da mañá na Praza Roxa  
para ir ao "outlet" de Amio.  
Queremos comprar gravatas,  
saías, chaquetas e abrigos de pel.  
Eu teño que ir a unha voda moi especial.  
A John fanlle unha entrevista na televisión.

Nesta sociedade hai moitos restos,  
saldos e rebaixas. A honradez non se compra  
nin se vende. A autoestima está barata. O sentido  
do humor está polo chan. A alimentación é  
importantísima pero a xente quere comer  
comida de plástico. Hai unha enorme  
pista de xeo no outlet. John patina  
moi ben, parece un home de negocios.

Non me veñas buscar á saída do cine.  
Prefiro cruzar soa as rúas e comer un churro  
no outlet, mercado bufandas, brincos de ouro  
branco e chicles de amorodo. Todo está baratísimo.  
Tamén están baratas as patacas que nacen na terra.  
O leite está en crise pero as mulleres presumidas  
seguen comprando bolsos de pel auténtica.

Facemos patinaxe artística. Hai que facer moitas

actividades para conseguir un equilibrio homeopático.

Temos que comprar un sombreiro por tres euros para ir ao enterro dos nosos antepasados. Vou mercar unhas zapatillas de cor rosa por un euro. Vou patinar para saír na televisión ao son da música de Eros Ramazzoti. O sol foi polo vento e veu polo aire. Ás 9 da noite, despois de patinar e mercar os sedimentos da sociedade, John máis eu volvemos no autobús, moi contentos porque levamos bolsas cheas de queixos, latas de sardiñas, unha alfombra de baño e un cachiño de pan... Parecemos pobres pero somos ricos porque imos a un outlet, unha palabra brillante e estranxeira que soa moito mellor que as palabras usadas, cansas e vencidas.

*(No escenario un bailarín levanta no aire unha bailarina.)*

*(As dúas Marías van montadas nun prato voador. Móvense moito porque están paseando polo escenario, polas rúas e pola eternidade. Van moi esborrachadas, moi guapas. Unha vai de azul e a outra vai de vermello. O seu estilismo é total.)*

MARÍA 1: Que decorativas quedamos neste prato voador! Somos as mulleres máis guapas de Compostela. *(O prato voador dá voltas e máis voltas. As dúas Marías tamén xiran ao redor de si mesmas. Os espectadores do teatro maréanse.)*

MARÍA 2: Ti es María 1 e eu son María 2 pero tamén podería haber Cinco Marías ou Sete Marías ou Cincuenta Marías. A beleza propágase como o butano das bombonas. Somos encantadoras e anarquistas. O teatro non está nos escenarios, senón que está nas rúas, nos zapatos, nos bolsos.... *(María 1 tíralle polo bolso a María 2 porque quere quitarllo, roubarllo.)*

MARÍA 1: Estate quieta, condenada! Non me roubes as xoias e os cartos. Non me roubes as enfermidades e os tangaraños. *(María 2 quítalle o sombreiro a María 1.)* Pareces unha bruxa. *(Pausa.)* Teño dez sobriños e están todos casados. O primeiro sobriño é o que máis ilusión fai. Os outros sobriños tamén dan alegría pero non son primicias. *(Pausa.)* Queres que che conte un conto de ananos que van en bicicleta?

MARÍA 2: Eu implícome moito nos contos e na política. *(Pausa.)* Ti pasaches fame? Eu cando tiña tres anos, só podía comer sardiñas en lata. Na miña casa non había leite nin vacas. Eramos tan pobres que non tiñamos calcetíns nin cuartos para durmir. Eu durmía coa miña imaxinación. Inventaba biografías de porquiños polas noites para coller o sono. Cando naciches ti, por fin tiven unha irmá para xogar con ela a pasar medo xuntas, e enfrontarnos xuntas aos Policías. *(Pausa.)* Para ir neste prato voador temos que pintar as unllas e visitar aos estilistas máis importantes de Compostela.

MARÍA 1: A noite é grande, moi grande, tan grande como a Guerra. *(Pausa.)* As nosas estatuas resultan divertidas no parque da Alameda e os turistas rinse de nós, pero nós sabemos chorar durante semanas enteiras, meses, anos. *(Pausa.)* Que ridículo é o Xacobeo! Que fea é a catedral! Que cidade absurda é Compostela!

MARÍA 2: Goya pintaba mulleres horrorosas porque nós tamén estamos feitas con dramas, aínda

que paseemos alegremente pola superficie deste prato voador. *(O prato voador móvese moito, acanea. Acéndense as súas luces fosforitas. A nora das festas da Ascensión é altísima. As dúas Marías deixan de ser estatuas e soben á nora dar unha voltiña polo espazo sideral. O señor da nora cóbralles dez euros a cada unha pola viaxe. María 1 e María 2 exclaman: "Que cara está a vida!". O prato voador faille competencia á nora e convértese na nova atracción turística da capital de Galicia. O señor que atende o prato voador dille á xente: "Queredes montar neste cacharro voador coas dúas Marías? Cada viaxe custa só 20 euros.")*

*(O intelectual Avelino Pousa Antelo e a cantante Madonna están no interior dunha tómbola na que hai moitísimas cousas: bonecas, osos, libros, frautas, fotos, larpeiradas... Pousa Antelo leva unha gaita colgada ao lombo e unha guitarra eléctrica. Vai vestido como un home heavy de máis de noventa anos. Madonna está sensacional, loira, cun minivestido de leopardo e unhas botas altas. Están encantados de coñecerse e traballar nunha tómbola. Unha xirafa branca vai visitar a John Berger.)*

AVELINO: *(Tocando a fruta e falando con Madonna.)* Ti si que es unha muller ben feita, carallo! Eu admiro a túa arte. Cando queiras podemos saír tomar unhas copas pola noite. Só tes que dar-me un "toque" co móbil ás doce da noite e eu collo o taxi co meu amigo Abella e imos tomar algo ao Rhin e despois a Crechas e despois ao Modus Vivendi. Se vai algo de frío levarei un abrigo ben gordo. Os vellos tamén temos dereito a estar activos na vida, no amor e na política. Eu non me sinto canso.

MADONNA: Ti si que es un home, mecaghona cona da reina! *(Pausa.)* Gústame vivir dentro dunha tómbola porque así estou illada do mundo moderno e das miserias do capitalismo. *(Pausa.)* Merquei este vestido de leopardo na feira de Noia. Queres vir comigo á discoteca Olympus? Esta noite vou actuar e vou conquistar a todos os públicos, aos nenos, aos vellos, aos ananos e aos xigantes.

POUSA ANTELO: *(Tocando a gaita.)* Mecaghonos patucos do neno Xesucristo! Querida Madonna, gústache a miña camiseta "heavy ghaita"? No concello de Teo todos andamos vestidos de negro como se estivésemos no inferno. *(Pausa.)* Creo nos espíritos que andan de noite polos camiños e asustan a xente. Escoito as túas cancións e poño o volume a tope cando vou no taxi co meu amigo Abella. *(Pausa.)* Estamos fartos da colonización absurda da nosa patria. Ti falas moi ben o inglés e o galego.

MADONNA: Eu son ultranacionalista. *(Pausa.)* Na vila na que eu nacín había moitísimos raposos. Eu crieime cos raposos e coas raposas. Medrei rápido e xa non quero volver á infancia. Non desexo revivir aquel tempo absurdo e infeliz.

AVELINO: *(Ponse a bailar cun "hula hop" da tómbola.)* Eu son un vello sabio porque sei bailar moi ben co hula-hop. Aprendín nos meus anos mozos nunha cooperativa agraria. Os intelectuais deberían falar menos, dicir menos parvadas e dedicarse a perfeccionar as técnicas do "hula hop". O meu amigo Abella tamén baila moi ben co "hula hop". Cando imos no taxi, o taxista ri moito cos nosos contos, coa nosa temperanza e co noso sentido práctico do optimismo e do "non ás guerras".

MADONNA: (Baila co "hula hop".) Amigo Avelino, ti es un home avanzado, apaixonado e vangardista. Galicia queda pequena para ti. Mereces vivir en Nova York. (Pausa.) Esta noite irei contigo e co teu amigo Abella á praza da Quintana a comer as uvas de Noitevella e escoitar as badaladas. Bailaremos "hula-hop" eternamente! Escorrentaremos os prexuízos, os dogmas, as idiosincrasias! Curaremos os males do corpo e da alma! (Madonna canta en inglés. Avelino pon a boina e solta un aturuxo heavy.)

.....  
"¿Con que soñan as mulleres?, preguntoume.  
Con que os lugares deixen de estar separados, dígolle.  
¡Pero os lugares teñen que estar separados! ¡Para iso están os quilómetros!"  
John Berger

#### DE A PARA X

Ferrol móbilízase en defensa do sector naval. Recibín a túa postal e sentínme alegre todo

o día. "Como van os campos? espero verte axiña, quero ir a Compostela e espero tomar un café contigo e mentres tanto desexo que o teu mundo siga bonito, eu esfórzome en que o meu tamén o sexa para cambiar o mundo enteiro".

Unha historia en cartas é un combate corpo a corpo. Ti mándasme toxos. Eu mándoche patacas. Ti mándasme sobres reutilizados. Eu mándoche sobres prefranqueados. Ti mándasme silencios. Eu mándoche terra.

A nosa barquiña ten un motor e podemos ir polo mar ata alcanzar as estrelas. Queridísimo amigo John: hoxe poño un vestido branco para dicirche adeus coas mans.

("O efémero non é o oposto ao eterno. O oposto ao eterno é o esquecido... Son as cousas pequenas as que nos asustan. As cousas inmensas, aquelas que poden matarnos, fannos valentes." Os campos polas mañás están brancos de azucre.)

Lupe Lupe  
Thank you thank  
you for your v  
ad the sound  
the waves  
Brios  
John

18 F E B R E I R O D O 2 0 1 0 - N Ú M E R O 8 0 9

**r d l**

REVISTA  
DAS  
LETRAS



O humor na arte

Durante cinco anos, David Arlandis e Javier Marroquí analizaron, dende diferentes perspectivas, os usos do humor na produción artística actual. A resulta é a mostra 'Cousas' que só un artista pode facer, unha exposición que actualmente se exhibe no Marco de Vigo e que reúne traballos de doce artistas demerxidos en proxectos que implican un grande esforzo, un esforzo irracional e desproporcionado en relación cos resultados que se pretende obter. En palabras de Arlandis e Marroquí, "Emprender unha acción absurda ou fóra de contexto sempre implica para quen a presenza unha carga cómica, pero cando ademais esa acción se desempeña de xeito intensivo, cunha dedicación absoluta e empregando un esforzo máis que importante a sabendas de que é un esforzo totalmente inútil, temos un absurdo ao cadrado e, polo tanto, carga cómica ao cadrado. O esforzo actúa como elemento potenciador do

# *Bo para nada ou imposible, absurdo*

*Un achegamento á exposición Cousas que só un artista pode facer*

## **David G. Torres**

absurdo; a súa función é a de esaxerar. A esaxeración sempre tivo un papel importante no humor ao ser un elemento de distorsión que nos afasta da realidade e nos leva ao cómico por medio da incongruencia". As pezas que se exhiben no Marco son vestixios de accións, rexistros, documentación ou dispositivos que falan dos proxectos de doce artistas seleccionados: Julien Berthier (Besançon, Francia, 1975), Gelitin (Viena, Austria; traballan xuntos internacionalmente dende 1993), Piero Golia (Nápoles, Italia, 1974), Leopold Kessler (Múnic, Alemaña, 1976), Yamashita+Kobayashi (China, Xapón, 1976 / 1974), Enrique Lista (Cambre, 1977), Aleksandra Mir (Lubin, Polonia, 1967), Gianni Motti (Sondrio, Italia, 1958), Paola Pivi (Milán, Italia, 1971), Wilfredo Prieto (Sancti Spiritus, Cuba, 1978), Tere Recarens (Barcelona, 1967) e Xu Zhen (Xangai, China, 1977). O monográfico que hoxe presentamos recolle algúns dos traballos da exposición, acompañados dun texto de David G. Torres que se adentra nas lóxicas do absurdo.



# e

n 1999 Milos Forman dirixiu a película *Man On The Moon*. Protagonizada polo histriónico Jim Carrey, narra a vida do célebre cómico estadounidense Andy Kaufman. O que non deixaba de ter o seu risco, porque moitos aseguran que a morte de Andy Kaufman no 1984 non foi máis ca outra montaxe do cómico, a derradeira broma pesada. Non en van, antes xa simulara danos sobre o seu estado físico. Por exemplo cando finxiu sufrir lesións cervicais tras un combate contra Jerry Lawler mentres defendía a coroa de campión mundial de loita libre mixta. Que tales lesións non existiron e que todo era unha montaxe non se desvelou ata a rodaxe de *Man On The Moon* quince anos despois. Talvez por iso a película, como un aceno a eses fans seguidores que negan a súa morte, ao final sementa unha especie de dúbida sobre se está vivo ou non coa aparición de Tony Clifton, un malhumorado cantante alter ego do propio Kaufman, cando este supostamente xa morreu.

Os pais de Andy Kaufman, en practicamente todas as escenas da película nas que aparecen (menos no seu funeral), móstranse confusos cando non avergonzados ante as accións do seu fillo. Non entenden por que continúa co da loita libre, non entenden por que insulta a xente, non entenden por que se pelexa en directo nun programa de televisión tras negarse a seguir o guión. A primeira vez que aparece Andy Kaufman na televisión botan as mans á cabeza incrédulos. Esa aparición

co tempo converteuse nun dos célebres números do cómico. Simplemente saía a escena e non facía nada. Miraba o público. E este ría. De aí a un pouco, poñía en marcha un tocadiscos e seguía sen facer nada. Só cantaba a voz en berro o retrouso da canción. Nunha ocasión, durante unha conferencia na facultade de Belas Artes de Barcelona, o artista inglés Graham Gussin, que foi comisario dunha exposición titulada *Nothing*, utilizou o exemplo deste número de Kaufman para falar precisamente do sentido de *Nothing*: non facer nada, alén do absurdo da situación, provoca unha reacción.

Non saen na película, pero en moitas outras ocasións Andy Kaufman presentou números que estaban próximos a ese non facer nada, ou polo menos nada gracioso ou significativo. Nun programa de David Letterman apareceu mal vestido, moqueando e choroso, en lugar de facer bromas ou contar chistes (sempre estivo contra os chistes, non os entendía), explicou que a súa muller o deixara, que non tiña traballo e que a súa situación era desesperada. O público ría. Mentres, el pedía por favor que non risen, que ía en serio, e para rematalo acababa pedindo esmola. Foi expulsado da televisión. Outro dos seus números célebres consistía en saír ao escenario, sentar nunha mesa, pedir un xeadro e comelo, sen máis. Semellante ao vídeo no que Andy Warhol aparece cunha hamburguesa de McDonald's, senta, cómea e acaba dicindo: "My name is Andy Warhol and I've just finished eating a hamburger" [Chámome Andy Warhol e veño de comer unha hamburguesa].

Non só os pais, tamén o público, a súa axente, os produtores de televisión ou presentadores oscilaban entre a incredulidade, a incompreensión ou o enfado e a risa solta, case obrigada por tratarse supostamente dun número cómico. E non obstante, comer un xeadro, explicar unha situación patética, dedicarse á loita libre ou simplemente non facer nada, non están no campo da ficción. Aí está o problema, o cortocircuíto que provocaba Andy Kaufman: o cómico, o que é cómico, está feito de ficción. A lóxica do chiste é a da ficción e a metáfora. Como a ironía, explican algo sobre o que hai que montar unha lóxica de sentido, hai que buscar un significado e reconstruílo. A ironía parte dun acordo entre emisor e receptor, no que o segundo coñece as claves interpretativas do que fala, reconstrúe unha lóxica de sentido e hai un acordo sobre a significación. Non é o caso de Andy Kaufman ou de Andy Warhol comendo

unha hamburguesa. Aí non hai ningún acordo entre receptor e espectador, non hai nada que explicar, nin é metáfora nin é ficción.

*The Eternal Frame* é un vídeo de 1975 de Ant Farm & Truth Co., un grupo de arquitectos, artistas e activistas dos setenta, no que reconstrúen o asasinato de Kennedy en Dallas. Aparecen Kennedy e Jackie nun coche Continental convertible, semellante a aquel no que se paseaban o día do asasinato, circulando polas rúas da cidade norteamericana e reproducen literalmente o magnicidio. É un reenactment. *The artist/the president* é o artista que interpreta a Kennedy. No vídeo mestúranse o *making-off* co reenactment, as entrevistas aos artistas como intérpretes e como personaxes reais. O mesmo *the artist/the president* fai unha declaración que mostra que non se trata dunha ficción: “Como todos os presidentes nos últimos anos, somos só unha imaxe nos seus televisores”, o que é unha verdade irrefutable. Nun momento dado, preguntan ao falso Kennedy, ao artista que fai del e que asume o personaxe como real, se o que están a facer, o *reenactment* do magnicidio, é arte. A resposta é dunha claridade meridiana: “this is not not art” [Isto non é non-arte]. Do mesmo xeito, podemos aplicar unha fórmula semellante para aclarar se se trata de ficción ou non: non é non-ficción.

Unha fórmula aplicable, tamén, a ambos os dous Andys (Kaufman ou Warhol): non son non-ficción. Así, que a bote pronto, unha das primeiras conclusións sobre o absurdo tería que ver con que o absurdo (en arte ou, que máis dá, onde se presente) non ten que ver coa ficción, senón coa verdade, ou polo menos, fronte á representación, coa presentación. Non se trata de representar algo e descubrir os seus significados ocultos, senón coa súa pura presentación: Chris Burden pegándose un tiro non é unha representación, nin unha metáfora, nin hai que reconstruír algún sentido, é Chris Burden pegándose un tiro. Así que, a continuación, a cuestión do absurdo tería que ver cunha negativa á significación, á metáfora, ao significado: “Eat this shit” [Trágate isto]. Pode estar feito de humor, pero se separa radicalmente das características significativas do cómico e da ironía.

Máis alá, a cuestión da non non-ficción pode ser aclaradora para algunhas estratexias relacionadas co absurdo nas prácticas artísticas contemporáneas nas que a cuestión da realidade e a ficción é máis complexa e está ligada á produtividade e a resistencia.


En *As regras da arte* Pierre Bourdieu analizaba os caracteres de dous personaxes literarios: Madame Bovary e Don Quixote. Segundo o sociólogo francés o que teñen en común é que ambos os dous viven nun estado adolescente. É adolescente porque o seu comportamento é ao mesmo tempo adulto e infantil: o termo medio entre ambos os dous estados é a adolescencia. Está claro que ambos os dous son adultos, Don Quixote e Madame Bovary. Pero ambos os dous en ocasións compórtanse como nenos. Basicamente ficcionalizan a realidade: unha créndose a protagonista dunha novela rosa, o outro atacando muíños de vento pensando que se trata de xigantes. Non é que Don Quixote vexa xigantes, son muíños de vento, pero nun proceso de ficcionalización da realidade deveñen xigantes. O proceso é semellante ao de calquera neno empatizando ao extremo cunha película, sendo incapaz de distinguir entre a realidade e a ficción. Ou, máis prosaico, a perfecta identificación que nun momento dado pode facer un neno entre un pau e unha espada, non habendo ningunha dúbida sobre o feito de que ese pau é, literal e estritamente, unha espada. Esa é a ficcionalización da realidade que diferencia o estado infantil do adulto, caracterizado este último por unha lóxica mecanicista e utilitarista: un pau é un pau, unha espada é unha espada, unha película é só unha película e un muíño non é un xigante.

De aí o desespero e incompreensión dos pais de Andy Kaufman ante os seus números. Porque efectivamente non se trata de ficción nin de realidade, senón que habita nese estado adolescente no que a realidade é ficcionada. Aí é onde falamos dun estado de non non-ficción.

Precisamente, esa posición adolescente atoparía unha







correspondencia tamén na posición do espectador. Á fin e ao cabo é o que Andy Kaufman requiría cando nunha das súas últimas actuacións levou todo o público a tomar leite con galletas, que tamén participasen desa condición adolescente. Unha condición que ten que ver coa mesma lóxica de Andy Warhol comendo unha hamburguesa e declarando que só comeu unha hamburguesa ou de Chris Burden pegándose un tiro no brazo. En ambos os dous casos só dende unha condición adolescente é posible darlle importancia a aquilo que aparentemente carece dela, a aquilo que está feito de absurdo.

Fronte a esa lóxica adolescente, a lóxica adulta non só nega a posibilidade de ficcionalización da realidade, senón tamén, de xeito máis amplo, afirma unha lóxica mecanicista e produtiva. Fronte a esa lóxica, a cadea de significados nunca rompe e o absurdo non ten lugar porque non obtén resposta. O contrario ao mecanicismo e a produtividade é a improdutividade, a negativa e a resistencia a producir.

De aí que Graham Gussin para falar dunha exposición titulada *Nothing* e por extensión do seu traballo, concentrado na idea de nada, dos non-lugares e dos sen-sentidos, recupérase a Andy Kaufman non facendo nada. En realidade o que facía era revelar a comunión profunda entre negación e absurdo. A referencia recorrente como orixe da pulsión negativa que inunda boa parte da creación ao longo do século XX é o famoso escribente de Melville, Bartleby. A súa famosa resposta ante calquera requirimento do seu superior e que consistía nun simple e conciso 'I would prefer not' [Preferiría non facelo] converteuse nunha icona da resistencia. E como calquera icona contemporánea, hoxe a súa frase ilustra camisetas e cuncas á venda, nunha mestura de contradición e capacidade do sistema de mercado capitalista na súa fase tardía. Non obstante, esa comunión entre negatividade e absurdo pode atopar outros exemplos que trazan unha especie de xenealoxía ao longo do século XX.

Un deles corresponderíalle a Monsieur Teste de Paul Valéry. Monsieur Teste, literalmente o señor Testa ou o señor Cabeza, é un tipo dunha intelixencia extrema. De tan puramente intelixente que é non necesita concentrarse en nada, non precisa falar nin elaborar discursos, abóndalle coa súa propia intelixencia concentrada pensándose sobre si mesma. Nalgún aspecto lembra ao célebre Funes o Memorioso de Borges, aquel tipo que o recorda absolutamente todo o tempo, de tal forma que se ve obrigado a recluírse e relegarse á inactividade. Monsieur Teste tampouco fai nada. Goza consigo mesmo. Coa súa propia concentración. E así pasa o tempo sentado nun sofá simplemente pensando. En ocasións, observa a súa man mentres move os dedos. É unha fórmula de concentración. O problema é que sen dúbida, esa actitude, a dun tipo aparvado mirándose a man, é tamén a dun idiota. Monsieur Teste, pura intelixencia, é tamén un idiota. O seu xesto está máis alá dunha lóxica produtiva e sitúase nunha franxa de indefinición entre a estupidez, a intelixencia e o absurdo.

Ao crítico de arte e comisario francés Ami Barak gústalle poñer como exemplo da complexidade en arte contemporánea o momento de lanzamento dun penalty nun partido de fútbol. Fronte a un suposto penalty ao porteiro preséntanselle tres opcións. A primeira consiste en, dado que sabe que ese dianteiro acostuma a tirar cara á dereita, saltar a buscar o balón á dereita da portería. Esta opción é dunha intelixencia básica. A segunda pasa por razoar que esta vez ese dianteiro o quererá sorprendere dado que pode intuír a súa predisposición a tirar sempre cara a un mesmo lado. A opción entón do porteiro consistirá en lanzarse cara á esquerda. É dunha intelixencia media. Pero queda unha terceira opción, que se basea en recompoñer as suposicións anteriores e en pensar que o verdadeiro lugar de sorpresa será insistir en tirar á dereita da portería. Aí o porteiro decidiría lanzarse a buscar o balón á súa dereita. É a opción dunha intelixencia sofisticada e complexa. O problema está en que a primeira opción, a estúpida, e a última, a sofisticada, son formalmente idénticas.

Ami Barak adoita usar este exemplo para ilustrar determinadas operacións conceptuais en arte contemporánea. Basicamente, ilustra operacións como a exposición dun





Arriba, 'Balcon Additionnel (Aubervilliers)', unha fotografía de Julien Berthier do 2008 e un fotograma do vídeo *Diplom*, de Leopold Kessler, datado no 2001. Abaixo, fotografía dunha performance de Gelitin, 'The Dig Cunt', realizada no 2007 en Coney Island Beach, Nova York.



urinario por Marcel Duchamp. Operacións nas que estupidez e intelixencia aparecen enganchadas. Obviamente, tamén podería servir para ilustrar a actitude de Monsieur Teste concentrado na súa intelixencia con cara de idiota. Pero de xeito máis amplo, exemplificaría a operación básica que se esconde tras o absurdo. E máis alá, ilustraría un dos elementos recorrentes para falar de arte contemporánea: a cuestión da complexidade. Unha cuestión que en demasiadas ocasións se confunde co retorcido ou o difícil. Para dicilo con brevidade, coa suposta idea de que as prácticas artísticas contemporáneas —e as que non o son tanto— requiren dunha explicación sofisticada. Aí entran de novo cuestións como a representación, o que se quere representar a través dun fío de significados, e a metáfora. Fronte a ambas as dúas estratexias (a da representación e a metáfora) o absurdo nas producións culturais tería que ver xustamente coa complexidade. Co espazo de irreducibilidade que exemplifica o penalty de Ami Barak.

Pero viamos como o absurdo, máis alá de situarse nun espazo de non non-ficción e de presentación, establecíase como un lugar apartado dunha lóxica adulta caracterizada polo utilitarismo e o mecanicismo: o da improdutividade. Así, a improdutividade de Monsieur Teste era tamén unha actitude masturbatoria, improdutiva: goza consigo mesmo. Aí o referente é Marcel Duchamp, para o que a cuestión da masturbación e a improdutividade aparecen indisociablemente ligadas. En primeiro lugar, na actitude vital: o famoso silencio duchampiano, os anos de non facer nada, declaracións como que se dedicaba simplemente a respirar, o matrimonio tardío cunha familia ready-made —os fillos da súa muller xa estaban criados— ou a oposición a acumular e a gastar para poder manter unha vida improdutiva, sen traballar. E en segundo lugar, na propia obra: os solteiros, as máquinas sexuais de autosatisfacción, algúns *ready-mades* como a roda de bicicleta que xira sen avanzar e a mesma lóxica do *ready-made* consistente en non facer nada novo.

Obviamente a negativa á produtividade de Duchamp ten que ver cunha actitude política: fronte a un sistema produtivo opón unha lóxica non produtiva. Unha negativa que é profundamente dadá, que utiliza a negación de forma sistemática e que fronte á produción lóxica e de sentido opón o absurdo: os poemas sonoros, por exemplo, nos que non hai sentido e a lóxica é a do absurdo. Case como unha proclama, o Dadá fronte ao absurdo da sociedade occidental engade máis absurdo.

Negación, improdutividade e absurdo aparecen, entón, aliados nunha xenealoxía que atravesa algunhas das prácticas artísticas e culturais máis comprometidas. A negación dadá; as proclamas situacionistas ou a película de Guy Debord *Hurléments en faveur de Sade* [Ouveos por Sade], unha película sen imaxes coa pantalla en ocasións en branco e outras en negro; ou o Punk do 78. O disco que finalmente conseguen editar os Sex Pistols levará por título *Never Mind The Bollocks* [Impórtame un carallo]. É no fondo, e pasado pola Turmix situacionista de Jamie Reid e Malcolm McLaren, un remedo de aquel *I would prefer not*. Preferiría non facelo ou non me importa o máis mínimo, son equivalentes e ambos os dous están cargados da mesma pulsión negativa.

A resistencia de Barteby, a inmovilidade de Monsieur Teste, o onanismo de Duchamp, a oposición

dadaísta, o branco e o baleiro de Guy Debord, a estupidez de Andy Kaufman, a ausencia de significado en Warhol comendo unha hamburguesa, o insulto punk, a presentación como oposición á representación de Chris Burden, o *reenactment* de Ant Farm & Truth co... Todas aparecen como fórmulas de resistencia, invadidas por unha pulsión negativa, por unha lóxica que mostra a súa oposición fronte á produtividade e como estratexias de gasto. Constitúen unha especie de círculo no que aparece o absurdo como unha lóxica contraria á produtividade, que se sitúa nas antípodas dese pensamento mecanicista e adulto do que falaba Pierre Bourdieu. E que finalmente se converteu nun dos últimos baluartes estratéxicos da produción artística contemporánea.

Último exemplo. Stéphane Mallarmé, culminación da poesía simbolista francesa e un dos poetas máis precisos e ricos nesa lingua, dedicou os derradeiros anos da súa vida a preparar *Le Livre* [O Libro]. O Libro, en maiúsculas, debía ser sublime, unha especie de punto final dos libros. El mesmo nunha carta a Verlaine o describe como: “un livre qui soit un livre, architectural et prémédité, et non un recueil des inspirations de hazard, fussent-elles merveilleuses... J'irai plus loin, je dirai : le Livre persuadé qu'au fond il n'y en a qu'un, tenté à son insu par quiconque a écrit, même les Génies.” [Un libro que sexa un libro, arquitectónico e premeditado, e non unha colección de inspiracións ao chou, así sexan maravillosas... Irei máis lonxe, direi: o Libro persuadido de que no fondo non hai máis ca un, intentado sen sabelo por quenquera teña escrito, mesmo os Xenios"]. O libro de Mallarmé, resumo e final da literatura, non chegou nunca a ver a luz. Ou case. En 1957, sesenta anos despois da morte do poeta, Jacques Scherer publicou *Le "Livre"* de Mallarmé. Nel mostraba as notas inéditas de preparación do libro de Mallarmé. Unhas duascenas páxinas cheas de operacións aritméticas, custos da súa publicación, medidas, como debía ser, algunhas reflexións sobre a literatura, a lectura ou a súa difusión. O libro de intencións xigantescas era un proxecto imposible e quedou —como outros proxectos célebres— definitivamente inacabado. Mesmo, neste caso, cun inicio definitivamente aprazado. Esa imposibilidade, como a do *Grand Verre* de Duchamp, efectivamente, hai que lela en termos de crise do proxecto moderno. O que xa non está tan claro nin sinalado, é que esa crise non só é o final dos proxectos utópicos e holísticos, é o inicio, sufrido nas propias carnes Mallarmé case como frustración, dun monumento ao absurdo. Quizais si o último traballo de Mallarmé foi exitoso e quizais si que escribiu o Libro. Pero a súa forma non era escrita, era experiencial: a experiencia que devén un manual do traballo abocado ao absurdo. Fronte ao que de novo preguntarse polo sentido, polo significado, intentar recompoñelo, ou preguntarse pola súa utilidade é absurdo.

Tanto traballo e tanto esforzo é absurdo e está feito de inutilidade. Un esforzo inútil cuxa utilidade está concentrada no mesmo feito de non servir para nada. Nin sequera obtén unha utilidade significativa. O seu proveito é doutra orde, a súa lóxica non se pode medir en termos de utilitarismo nin mecanicismo. O absurdo é absurdo e haberá que buscar outras maneiras de categorizalo. Intentar establecer unha definición baseándose no que non é, unha non-definición ou unha definición en negativo, fragmentada e imposible é unha das opcións. Porque ese “non” é directamente unha das súas operacións.

25 F E B R E I R O D O 2 0 1 0 - N Ú M E R O 8 1 0

**r d l**

REVISTA  
**DAS**  
**LETRAS**



Lêdo Ivo



# *A mitoloxía particular de Lêdo Ivo*

O poeta e ensaísta brasileiro Ledo Ivo (Maceió, 1924) acaba de ser recoñecido en Galicia co Premio Rosalía de Castro, que cada ano outorga o Pen Club como recoñecemento aos escritores das catro linguas veciñas: portugués, catalán éuscaro e castelán. Con este galardón –que tamén recibiron Itxaro Borda, Francesc Parcerisas e Antonio Gamoneda– achégase aos lectores galegos un poeta que está considerado pola crítica especializada como a figura máis representativa da Xeración do 45. Para Ivo, a poesía é unha invención da palabra, destinada a xerar unha mitoloxía particular que substitúe a verdade trivial da existencia. Neste monográfico de Revista das Letras reproducimos unha pequena escolma do escritor realizada por Xosé Lois García, que tamén é o autor da introdución á súa obra

# A vida enteira de Lêdo Ivo no celme da poesía

Xosé Lois García

e

En 1924, naceu Lêdo Ivo en Maceió, Estado de Alagoas, no Brasil. Á idade de vinte anos entra pola porta grande da poesía brasileira, sendo unido como un dos poetas máis valorados da xeración de 1945, despois de ter publicado o seu primeiro libro: *As Imaginações* (1944). Desta súa primeira entrega poética, os rexistros da súa creatividade proxectáronse cara unha inventiva de gran valor formal e estilística, transgresiva e moderna que deu “continuidade a una das máis fecundas prácticas críticas da literatura brasileira.” No dicir dun dos seus maiores estudosos e críticos como é Assis Brasil.

Facer unha abordaxe sobre a creación literaria de Lêdo Ivo, no terreo poético e narrativo, representa sempre entrar nese centro colosal e orixinario dunha obra que xa chegou ao seu cume, desde o seu primeiro libro. Que sorprendeu a moitos pola súa maneira de facer e de entender a poesía e que o propio Mário de Andrade, precisou de Lêdo Ivo: “É uma estrela deslumbrante”. Mesmo, un meteorito esencial en todo o destaque dunha maneira moi especial de estrea dun modelo de facer poesía. Nesa súa proxección estaba o toque máis emblemático de valorizar as cousas cotiás e facelas significar na contundencia da palabra.

A palabra, no senso da harmonía verbal, ten en Lêdo Ivo o seu mellor aliado. Moito se ten falado no Brasil

sobre os primordios xerárquicos de Lêdo Ivo e da sobriedade e equilibrio da súa poesía. Neste sentido, dixo João Cabral de Melo Neto: “De minha geração destaco Lêdo Ivo, que considero o maior de todos”.

Neste sentido, non cesan os eloxios ás súas merecidas creacións. Un excelente poeta brasileiro e camarada de Lêdo Ivo, na Academia Brasileira de Letras, Ivan Junqueira, un dos seus estudosos e escudriñadores máis significativos, dixo: “Lêdo Ivo alcanza agora sua plena maturidade como homem e como artista. E está inteiro neste livro [Curral de peixe], onde, não obstante se refira tanto e tenazmente à tangibilidade da morte, nos parece mais vivo do que nunca”.

Lêdo Ivo, talvez, sexa o poeta máis loado polos grandes poetas da súa xeración e, tamén, polos anteriores e posteriores que veñen confirmando a un dos poetas máis universais da lusofonía. A nómina resultaríanos sorprendentemente longa, mais é necesaria a de Murilo Mendes, que dixo de Ivo: “Louvo neste companheiro moço: sua imaginação, sua audácia, sua força de ataque, seu gosto pela violenta oposição do cotidiano ao sobrenatural. Ele traz a marca de fogo da vocação. Espero que um dia deje grande entre seus grandes”. As palabras de Murilo cumpríronse con creces.

En Lêdo Ivo, amais do enorme creador lírico, está a parte humana que emite sosego e, tamén, esa enorme forza comunicativa. Esa persistencia de diálogo coas cousas que o rodean. O misterio existencial ten na obra de Ivo un expoñente que clarifica a certeza da súa persoa e da súa obra.

Despois de traducir varios poemas seus ao castelán, e de manter unha correspondencia moi puntual entre el e mais eu, tiven a ocasión de estar con el en Recife, Rio de Janeiro e Barcelona e poder experimentar o outro extremo da súa creación persoal, nesa harmonía e perfección, dons exhibidos na súa palabra renacida.

### **O INVERNO**

Suportar o inverno  
com a coragem dos sonhos.  
Poeta viril e consciente  
colherei flores cheirosas  
para você, fruta madura,  
que em oferenda se abre.  
Na chuva que cai  
você nua se dispersa  
e aceita o rio grávido  
as tanajuras e a terra  
parindo destroços bíblicamente.  
E na rede que oscila  
o mundo renasce  
surpresa e nudez  
para a chuva que cai.

*De As Imaginações (1940-1943)*

### **AS ESTÁTUAS**

Branças formas que o tempo  
cobre de pátina  
e a noite higieniza  
ninfômanas impregnadas de patético se dar  
nuas, se abandonam à noite que as requesta  
falando talvez em linguagem de nuvem  
e se insultando com palavras azuis.  
Nunca estremecem ou gritam  
esses pássaros  
feitos de substância antiga do soneto.  
Mudas, mas sempre em vôo, esperando sempre.

*De Cântico (1947-1949)*

### **SONETO DA INICIAÇÃO**

Para este instante, trazes o clamor  
natural com que o corpo enfim desperta.  
Em grito e pranto e lágrimas e dor  
és cristal, e eu clarão que te penetra.

De tua solidão emerge o amor  
em clara e silenciosa descoberta  
e sem usar as mãos eu colho a flor  
que me lembra uma concha meio aberta.

Chorando de alegria, eu me profundo  
no amplo rio nupcial de tuas pernas  
como se houvesse descoberto o mundo.

Sem pecado e sem morte, que existamos  
e nossas vidas sejam sempre eternas.  
Sendo mortais, a isto é que aspiramos.

*De Acontecimento do soneto (1946)*

### **O PÓ**

Atinjo a aldrava da porta  
e o mar canta em minha mão.  
Jamais eu podia saber  
que mesmo em abril a hora pertence ao tempo.

Domei-te, jovem tigre, no dia ululante.  
Juntei-me à querela de glória do mar.  
Prendi astros nas fibras de minha rede.

O essencial sempre ficou fora de meu alcance,  
um punhado de pó na mão fechada,  
a resposta da poeira à minha ambição.

*De Linguagem (1950-1951)*



## **A JOHANNES VERMEER**

Pintas apenas formas sob vários espaços:  
a moça de turbante azul, cenas, paisagens.

Fazes, Johannes Vermeer. a claridade, o sol  
de tua vida obscura entre as ruas de Delft.

Operário da luz!

*De Um brasileiro em Paris (1953-1954)*

## **TERCEIRA LIÇÃO**

Longe dos vinhedos  
Ivo viu a uva  
e escutou nas tellas  
a canção da chuva.

Ivo viu a ave  
esconder o ovo  
e escutou nas praças  
a canção do povo.

Ivo viu a porta  
mas não viu a chave.  
Ivo ouviu a música  
mas não viu a clave.

Ivo viu a ave.  
Ivo viu o ovo.  
Suja primavera,  
caminho do povo!

*De Estação Central (1961-1964)*

## **A ORIGEM DO SAL**

Ao sul, o mar  
surge entre as angras.  
A noite cai.

E os cata-ventos  
vão convertendo  
toda a paisagem

em sal, em sal.

*De Magias (1955-1960)*

## **CERTA MANHÃ**

A vaca muge  
no estábulo.

O coelho salta  
na fábula.

O céu encurva:  
parábola.

E pára-sóis  
amarelos

enchem a manhã  
de girassóis.

*De Fisterra (1975-1972)*

### **A VERDADE DO MENTIROSO**

Canto o que canto  
enquanto encanto.  
Canto o que minto.  
E me desminto  
quando atraveso  
o labirinto.

De *O soldado raso* (1980-1988)

### **DÁDIVA DA MANHÃ**

Os negros sacos  
de plástico  
sob o viaduto.  
E as mãos deslumbradas  
dos mendigos catam  
ao sol da manhã  
cheia de promessas  
o lixo prolixo  
-a sobra prolífica  
da mesa da vida.

De *Mar oceano* (1983-1987)

### **O ESCRIVENTE**

Quem vê nem sempre vê.  
O melhor cego é aquele  
que vê na TV.  
Quem tem um olho é aquele  
que não vê na TV  
o que vê.

De *Calabar* (1980-1988)

### **MARINHA**

O dia é negro  
como o teu púbis

Nesse negrume  
acendo o lume

do meu desejo  
e a noite raia

como um navio  
na tua praia

De *Crepúsculo civil* (1983-1987)

### **A RIMBAUD**

É o centenário  
de tua morte.  
Os profesores  
te comemoram.  
Lívido raio  
de sol é a glória.  
E a mosca zumbe  
no mictório.

De *Curral de peixe* (1991-1995)

### **O ESTILEMA**

O poeta se detém  
diante de um fonema.  
Sua mão-argema  
quer escrever um poema  
sobre o Poema,  
essa noite pura  
do nada estelar  
que zomba do sol  
e sempre recusa  
a luz do farol  
e condena a lesma  
em seu caracol.  
Dia, diadema  
que esplende na praia  
entre sal e sílabas  
e claras arraias!  
E a gema saída  
da jazida escura  
que guarda as feridas  
e os sonhos da vida  
jaz, adormecida,  
no frio esplendor  
de um estilema.

De *Plenilúnio* (2001-2004)

### **O CREPÚSCULO EXEMPLAR**

-A poesia deve ser poética,  
disse o poeta andando na cidade  
e assistindo ao crepúsculo de púrpura:  
uma lição de poeticidade.

De *O rumor da noite* (1996-200)

